

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de SETEMBRO DE 2002**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 27 de setembro de 2002.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta anterior, nº: 10/02, correspondente á sesión ordinaria do 13 de setembro.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia da nº 13.500 á nº 14.199.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 3.- Aprobación da conta xeral do Presuposto da Deputación Provincial correspondente ó exercicio 2001.

Cooperación e Asistencia ós Concellos

- 4.- Informe da Deputación sobre a modificación dos estatutos da Mancomunidade Serra da Barbanza.
- 5.- Aprobación do Programa operativo local adicional 1/2002.

Medio Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

- 6.- Aprobar a 1ª relación de obras, subministracións e servizos do Plan XXI de turismo da natureza na provincia da Coruña, anualidade 2002.
- 7.- Aprobar a 3ª relación de obras, subministracións e servizos do Plan XXI de pequenas obras e subministracións da provincia da Coruña.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE SETEMBRO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de setembro de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍNEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Non asiste o Sr. Campo Fernández e escúsase a Sra. Candocia Pita.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº: 10/02, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 13 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 10/02, correspondente á sesión ordinaria celebrada o 13 de setembro.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA DA Nº 13.500 Á Nº 14.199.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 13.500 deica a nº 14.199.

3.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO PRESUPOSTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2001.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Moi brevemente, pero sen deixar pasar, naturalmente, a oportunidade de facer unha avaliación do punto que se nos presenta hoxe para aprobar a Conta xeral do orzamento do ano 2001.

Direi en primeiro lugar que a avaliación que nosoutros imos facer vén lastrada, por dicilo dalgunha maneira, ou ben condicionada, por unha avaliación que o Bloque Nacionalista Galego xa fixera no momento da aprobación dos orzamentos por parte desta Corporación. Non se entendería, pois, unha posición que non tivera en conta cál foi precisamente o noso punto de vista no intre en que se aprobaron as contas e no momento en que se fai a valoración de cómo e de qué maneira gastamos.

Estamos, polo tanto, perante un problema de fondo, aínda que o acto que parece que imos facer hoxe aquí, poida parecer un acto mecánico, na medida en que a conta xeral é precisamente a conta xeral, e dar conta de como funcionou a economía desta deputación, pero tamén permite facer lecturas. Nosoutros, en calquera caso, e xa adianto o noso posicionamento político, nunca lle daríamos o voto favorable a un proxecto co que discrepamos no momento en que se produciu a discusión.

En calquera caso, e entrando xa no contido dalgunhas cousas nas que nosoutros queremos facer unha intervención que unicamente ten a idea, ou é unha iniciativa para a reflexión colectiva, non ten máis ca esa idea, pero en todo caso nosoutros non queremos pasar, como dixen antes, ocasión sen facelo.

En primeiro lugar, direi aquí, e este é un tema que xa tocamos cando fixemos, cando aprobamos a conta xeral o ano pasado, cando aprobamos a conta xeral do ano 2000, é dicir, é un tema que se repite, que é precisamente o gran desfase que se produce entre os orzamentos que aproba inicialmente esta Corporación e o montante final que teñen os orzamentos, os orzamentos definitivos.

Quería lembrar aquí que o orzamento inicialmente aprobado por esta deputación era un pouco superior ós 22.000 millóns de pesetas, 22.560 millóns de pesetas, e que no exercicio orzamentario do ano 2001 realizáronse, máis nada e nada menos que 33 expedientes de modificación de crédito, por certo, e aquí si tamén queríamos facer unha observación deses 33 expedientes de modificación de créditos, só 3 viñeron para aprobar ó pleno, o cal quere dicir que hai uns movementos orzamentarios de gran consideración e gran volume económico, que se fan exclusivamente por resolución da Presidencia.

O montante das modificacións que se fixeron foi superior ós 19 millóns de pesetas -perdón, ós 19.000 millóns de pesetas-, quere dicir isto que a conclusión final é que nos encontramos cun orzamento definitivo que era case, case, case, o dobre do que aprobamos inicialmente. Eu creo que isto reflicte, dalgunha forma, que o orzamento que se aprobou inicialmente, xa sabemos que os orzamentos son orzamentos, a palabra dio, pero é evidente que a tendencia dunha institución como esta debe de ser a de adaptar o proxecto de orzamento, adaptalo o máis posible ó que finalmente se leva a cabo. Un desfase que chegue practicamente ó cen por cento, é dicir, que converta un orzamento inicial de 22.000

millóns de pesetas nun orzamento definitivo de 41.000 millóns de pesetas, é unha situación, pensamos nosoutros, que anómala e introduce grandes dúbidas, precisamente sobre o interior desa mecánica orzamentaria.

Os procesos de expedientes de modificación de créditos ós que me referín antes, para nosoutros son procesos normais, se se utilizan con normalidade e se permiten un desenvolvemento orzamentario que se asemelle máis no seu final ó que era nun principio cando se aprobaba, pero é evidente que 33 expedientes de modificación de crédito fixeron un proxecto completamente novo, é dicir, o proxecto inicial da Deputación da Coruña do ano 2001 non ten en absoluto nada que ver co proxecto definitivo.

No capítulo de ingresos queremos chamar a atención sobre algúns apartados que nos chaman a atención nesa liña de reflexións que son as que nosoutros queremos facer e en concreto no que se refire ó capítulo, ou a referencia que se fai á porcentaxe de dereitos liquidados que é, segundo se recolle no informe elaborado pola Intervención desta casa, a máis baixa dos últimos catro anos, e que dá lugar a unha desviación orzamentaria que é a máis elevada nese período consecuentemente. Se se mira o cadro correspondente, poderase ver que, efectivamente, os datos dos que estamos falando nosoutros aquí, e leo o cadro que figura en concreto na páxina número 26, mentres que a porcentaxe era no ano 97 do 10,8%, a porcentaxe no ano 2001, a porcentaxe de desviación orzamentaria, refírome naturalmente, é máis nada e nada menos que do 17,18%, por tomar como referencia eses anos que figuran, que son o primeiro e o derradeiro que figuran no cadro.

Sobre o particular, nosoutros quixeramos facer tamén mención especial ás motivacións que son as que se recollen no propio documento de intervención, e que para nosoutros son moi importantes, é dicir, non nos queremos parar exclusivamente na lectura dos números, senón tamén no porqué. Na páxina número 27, cando se refire á análise desta cifra á que me acabo de referir antes, fálase de que "...A razón fundamental que motiva estas desviacións, igual que xa ocorrera no anterior exercicio, é a demora na execución das obras incluídas nos plans provinciais. Esta situación implica a correspondente demora na percepción das achegas comprometidas por distintos axentes financeiros, a Administración do Estado, Feder e concellos e empresas, e dos préstamos concertados pola deputación para financiar estes plans". Polo tanto, vaia a nosa reflexión respecto deste tema, e unha conclusión. Se é certo, coma sempre se di aquí, que o nó gordiano e que a liña de flotación central desta deputación é a execución dos plans provinciais, eu creo que é evidente, ou importante, o que nosoutros estamos dicindo sempre, non é tan importante acumular cifras e acumular números de plans, senón a corrección coa que se executan eses plans. Eu creo que neste informe de intervención queda claro a complexidade, e a dificultade orzamentaria que crea esa complexidade de planificación para executar a política da deputación.

Polo tanto, nosoutros cremos que é unha chamada de atención a algo do que aquí vimos a falar moitísimo que é se conseguimos que tamén para mellor execución orzamentaria se produza ese necesario debate e se produzan as actuacións políticas necesarias que nos leven a unha racionalización do complexo mapa que temos hoxe na planificación da deputación, e isto, como dixemos no seu momento, non se está producindo. É dicir, estamos camiñando na liña de agrandar máis as liñas de colaboración, ou de actuación da deputación en materia de planificación, en materia de plans, que de racionalizalos, e polo tanto, os efectos que se producen despois no capítulo orzamentario, son ós que me acabo de referir hai un momento.

No tocante ó capítulo de gastos hai que facer unha referencia ó nivel de execución do orzamento que figura despois ó final do exercicio, en concreto nas cifras que se nos achegan no informe de Intervención, obrigas por un importe de 20.431 millóns de pesetas, un pouquiño máis, que é o 48,85% dos créditos que estaban definitivos no orzamento. O cadro de evolución deste apartado, que figura en concreto na páxina número 30, reflicte un dato que para nosoutros tamén é importante e é a porcentaxe máis baixa neste capítulo que se produce, en concreto, nos últimos cinco anos, mentres que no ano 1997, por exemplo, a porcentaxe deste capítulo, é dicir, do nivel de execución do orzamento no exercicio das obrigas, nos créditos definitivos que figuraban no orzamento, o nivel de execución era, por exemplo, no ano 1997 do 68,5%, situouse, en concreto no ano 2001 na cifra máis baixa dos últimos cinco anos, cun 65,52%.

Na páxina número 32 do informe de Intervención analízase polo miúdo este cadro ó que me estou referindo, non o vou ler, porque ademais figurará en todo caso en poder de tódalos compañeiros e compañeiras desta corporación.

Finalmente queremos facer unha mención, referíndonos a estes temas, digamos, nucleares deste debate, queriamos facer unha mención á evolución da débeda da institución. É un debate reiterado, sobre todo cando debatemos o capítulo orzamentario, cando se debaten os orzamentos -menos cando se debaten os expedientes de modificación de créditos, pero sobre todo cando se debaten os orzamentos-, de que o punto de partida dos debates dos últimos catro anos sempre foi a situación de bonanza, permítaseme a expresión, no eido económico que dalgunha forma dera lugar a unha recuperación no capítulo económico por parte da institución, non tanto por mor -que si tamén seguramente foi algo en parte diso-, da iniciativa propia, senón fundamentalmente a un escenario que no capítulo económico foi de bonanza, entre comiñas, porque permitiu renegociación de créditos, o prezo do diñeiro máis barato, etc., etc.

Nosoutros sempre dixemos que sen ser economistas, que polo menos no caso do que falo non o son, e ademais pouco dado ós números, evidenciábase que ese ciclo era un ciclo que podía, e que ademais seguramente se ía estancar, e que mesmo podería ser un ciclo

onde a curva ascendente se fora abaixo. Nosoutros pensamos que hai datos para pensar que ese ciclo está terminado e que, polo tanto, esa tendencia que se produciu nos últimos anos xa non é a mesma. En todo caso, si queremos facer unha referencia ós datos que figuran na páxina número 47 do informe de Intervención onde se especifica, onde se explicita, onde se saca á luz a evolución da débeda nos últimos cinco anos, e nosoutros soamente queriamos facer unha referencia ás cifras, non queremos ser maniqueos na interpretación das cifras, pero en todo caso están aí, e sobre todo teñen que ser un punto de referencia para o debate orzamentario que seguramente teremos moi pronto.

A evolución da débeda, en cifras, tal e como está reflectida dentro deste informe de Intervención ó que me referín, en pesetas, que é no que figura feito todo este informe, era, en concreto falo de débeda acumulada, o total da débeda acumulada era no ano 1996 de 8.414 millóns de pesetas, un pouco máis, e está situada, segundo o documento que vén aquí, cando se fixo xa a conta xeral do orzamento do ano 2001, estaba situada no ano 2001 en 13.995 millóns de pesetas. Deixamos este dato enriba da mesa como punto de reflexión para ver cál vai ser a liña de actuación en todo caso de cara ó futuro, e tendo en conta, e eu creo que a ninguén se lle escapa, que vai ser o orzamento do ano 2003 o último que vai aprobar esta corporación, e polo tanto, terá que haber unha nova corporación despois do ano 2003 que terá que ser a que xestione os orzamentos da Deputación Provincial da Coruña.

Neste senso, e xa terminando a miña intervención, tanto polo punto de partida, que é o que se parte, que é o propio contido do orzamento 2001, como fundamentalmente por estes detalles que nosoutros dalgunha forma singularizamos no tocante ó que foi o cumprimento deste orzamento, que se expresa na conta xeral, o voto do Bloque Nacionalista Galego vai ser, naturalmente, contrario á aprobación da conta, polo transfondo que ten, naturalmente, non, digamos, polas operacións económicas que reflecten os informes, que son, evidentemente, as que teñen que ser, e que non presenta ningunha dúbida, é un debate máis político ca un debate de contas, pero naturalmente nosoutros manifestámonos en senso político.

Moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

Podemos dicir que hoxe remata o capítulo económico correspondente ó exercicio 2001, e sobre o mesmo grupo provincial socialista quere facer unha reflexión global tocante do calendario del. Tocante do calendario que se inicia co orzamento preventivo, cos distintos expedientes de modificación de créditos, coa liquidación do orzamento e coa conta xeral que hoxe imos someter a consideración plenaria. Unha Conta Xeral que, indubidablemente, a forma é boa, e vaia por diante o noso agradecemento a tódolos funcionarios que fixeron posible esta boa presentación, esta forma, pero non así o fondo, ó cal nos referiremos.

O orzamento preventivo foi debatido alá polo mes de decembro, polo Nadal, e o grupo socialista valorounos negativamente. Daquela fixemos unha serie de puntualizacións, a través de distintos aspectos que considerabamos insuficientes, como eran os investimentos en estradas, o mantemento e conservación, e outros puntos distintos que levaron consigo unha emenda, non á totalidade, senón parcial, de 1.039 millóns de pesetas, coa cal intentabamos suprimir unha serie de conceptos que quedaron plasmados no orzamento e que se foron xestionando, baixo o noso punto de vista, non ben, como logo nos referiremos.

Intentamos suprimir a ventá única como elemento multiplicador que xa tiñamos, a través das distintas administracións, concretamente da Xunta de Galicia. Intentamos que as transferencias á Comunidade Autónoma non se interpretaran como subvención que está facendo unha institución local como é a deputación, cara a Xunta de Galicia; miren vostedes, por poñer un exemplo, no orzamento preventivo do 2001 a Deputación Provincial da Coruña recibe en transferencias da Xunta 91 millóns de pesetas, 91.800.000 pesetas, que van destinadas concretamente a materia educativa do colexio Puga Ramón e do Calvo Sotelo, e simplemente nese orzamento preventivo había unha transferencia á Xunta de Galicia de 200 millóns de pesetas para actividades deportivas. Resulta esperpéntico ver, cando se está intentando descentralizar o poder económico das autonomías de cara ós entes locais, que esta institución faga a política inversa.

Falabamos nesta emenda que se presentou do incremento do Plan de cooperación ás obras e servizos, como mecanismo fundamental recollido como competencia básica na Lei de bases de réxime local, e buscando aquilo que todos falamos pero que moitas veces non aplicamos, que esta deputación sexa o que ten que ser, o concello de concellos. E así atopámonos con ese orzamento inicial, cun orzamento que superou os 22.500 millóns de pesetas, pero chegamos a un orzamento definitivo de preto de 42.000 millóns de pesetas, e isto chama poderosamente a atención. E chama poderosamente a atención porque existe un incremento orzamentario no orzamento do 2001 do 46%, quere dicir isto que se incrementa en 19.261 millóns de pesetas.

Neste proceso lévanse a efecto 33 expedientes de modificación de crédito, onde o grupo socialista, nos tres que pasaron por este Pleno, deu a varios deles o seu voto favorable. Naquel momento explicouse cales eran os motivos, comezáronse a corrixir os desfases orzamentarios que nós denunciabamos no debate do orzamento preventivo, comezaron a incrementarse mantemento e conservación de estradas, comezou a incrementarse os investimentos e novos plans como o de turismo da natureza, e chegamos á conclusión de que todo o que sexa favorable para os concellos, este grupo estará sempre ó lado do equipo de goberno, pero no momento de facer a crítica seremos rigorosos nas nosas puntualizacións, e non damos cheques en branco.

Sempre que o espírito municipalista, que o espírito investidor, e aquí temos que dicir que indubidablemente ó comezo deste mandato, desta lexislatura, o grupo popular deu un paso importante devolvendo a autonomía municipal no Plan de obras e servicios, que se nos furtara na lexislación anterior, hai que recoñecelo, pero non se pode dicir que este espírito municipalista e investidor se plasme nunha boa xestión orzamentaria. Alá polo mes de febreiro, no Pleno ordinario, dáse conta da liquidación do orzamento a esta cámara provincial. Como sabemos dáse conta e queda o mesmo, como xa indicamos no inicio da nosa intervención, en preto de 42.000 millóns de pesetas. E na mesma liquidación aparecen unha serie de datos que intentaremos facer unha pequena reflexión sobre os mesmos e que son chamativos para o grupo provincial socialista.

En primeiro lugar, o remanente de Tesourería, o que se coñecía antigamente como superávit, queda reflectido en 18.167 millóns de pesetas, como ben sabemos o remanente total que se vai aplicar, ou que está en distintas fases contables, e que se está practicando, non é o remanente de Tesourería líquido, que efectivamente está próximo a 5.000 millóns de pesetas, e que foi destinado a distintos gastos, onde algúns deles, como xa fixen referencia ó longo desta intervención, foron valorados positivamente polo grupo provincial socialista.

A terceira reflexión que queremos facer é referente ás obrigas contraídas e aquí é onde, sen dúbida, se produce o gran desfase na xestión orzamentaria. As obrigas contraídas no ano 2001 quedan reflectidas en 20.431 de millóns de pesetas, menos que o exercicio anterior, e que equivalen ó 48,85% do orzamento. ¿Que quere dicir isto nidia e claramente?, pois moi fácil, este goberno do Partido Popular, de cada 100 pesetas xestionou 49, de cada 100 pesetas xestiona 49. E os números son así, os números son testaláns, son testáns, pero están aí, e detrás está unha filosofía, e esa filosofía é a que nos dá o balance da nota da xestión, e esta nota da xestión non progresa axeitadamente. Pero se a isto engadimos os gastos fixos que temos na propia institución provincial, como son os gastos de persoal, que son gastos fixos, e que representaban no orzamento preventivo o 17,8%, e os gastos en activos e pasivos financeiros, é dicir, nas amortizacións, poñémonos nunha cantidade de 27,37%, nestes capítulos que son obrigatorios, hai que pagar ó cadro de persoal, hai que pagar os intereses e hai que pagar as amortizacións de capital, e aquela oócurrenos que dese 49% xestionamos directamente o 22%, é dicir, 22 pesetas de cada 100, para gasto corrente, transferencias correntes e de capital, fundamentalmente ós concellos ou entidades veciñais, sobre todo a esas entidades en concellos de máis de 50.000 habitantes onde o Partido Popular non ten opcións de goberno, que está gobernando, ben en maioría absoluta o Partido Socialista, ou nunha coalición co grupo nacionalista, ou ben transferencias de capital que é o programa estrela desta deputación, e que é o Plan de cooperación ás obras e servicios, básico en tódalas deputacións porque así o marca a lei de bases de réxime local.

Polo tanto, a realidade, os números, que son testáns, quedan aí, cada un que saque as conclusións que crea convenientes, e que se fagan as reflexións que temos que facer. Pero

se a isto engadimos, podemos dicir, non é unha boa política de ingresos, porque curiosamente os dereitos liquidados descendem, descendem dous puntos e medio, pasan do 85,21 ó 82,81, pois tamén estamos facendo unha mala xestión en ingresos, se o fixemos en gastos, en ingresos ocorre parecido, non así tan forte, ¿por que noutro?, porque somos unha institución, como ben sabemos todos, que dependemos orzamentariamente das transferencias correntes do Estado nunha gran parte, non somos como un concello, que ten unha autonomía orzamentaria propia, e que ten capacidade para distintos temas impositivos que non ten esta deputación. Se a isto engadimos o problema que se nos presenta coa supresión, póño entre comiñas, do IAE que nos anuncia o goberno central, e que non sabemos cal vai ser o imposto substitutorio, pois imos ver o que pasa de cara ó 2003.

Pero seguindo cos ingresos, falemos das desviacións orzamentarias, que tamén sofren un incremento de dous puntos e medio, parécenos moito. Pero tamén hai que dicir a realidade, ¿por que se producen estas desviacións orzamentarias?, moitas veces é pola falta de xestión na execución das obras dos plans provinciais, onde aquí indubidablemente outras institucións tamén comparten esta, digamos, non boa xestión. Iso indica a demora nos pagamentos que nos van facer as entidades que nos van entregar as economías, se non se certifica, a Unión Europea, a través do FEDER, non nos vai entregar os dividendos, e o Ministerio de Administracións Públicas non vai facer efectivo o pagamento, indubidablemente, indubidablemente aquí está, digamos a clave da cuestión. Pero tampouco non nos podemos esquecer doutra cousa, seguimos cunha política de reformados, aínda que agora menos, seguimos cunha política de reformados, que se dan conta ós plenos, mercé a unha iniciativa que presentou o grupo socialista, para que non enchesemos de reformados os plenos ordinarios que tiñamos na institución.

As cantidades pendentes de liquidar ó final do exercicio significaban 5.476 millóns de pesetas, que nos parece tamén unha cifra considerable, unha cifra elevada.

E indubidablemente non podemos esquecernos, antes de rematar esta primeira intervención, do significado actual da débeda provincial, a 31 de decembro de 2001, e de pequenas anomalías ou irregularidades detectadas nesta Conta Xeral. Con respecto á débeda acumulada, a fins do 31 de decembro de 2001, estaba preto dos 14.000 millóns de pesetas, é dicir, a débeda da Deputación Provincial da Coruña, a 31 de decembro de 2001 son 14.000 millóns de pesetas, o que significa que nos últimos 6 anos se incrementou preto dun 40%, e aí quedan os números tamén para a reflexión, que o equipo de goberno reflexione se este endebedamento, cando estamos nunha bonanza, ou estivemos nunha bonanza económica marcada por uns parámetros, digamos internacionais, ou digamos da Unión Europea, pola baixa dos intereses, esta deputación nos últimos seis anos endebedase preto do 40%.

E xa vou rematando, Sr. presidente, simplemente indicar que hai uns reparos de ilegalidade que formulan os técnicos e que están recollidos puntualmente en torno a máis ou menos 109 millóns de pesetas, referímonos a pesetas porque o euro non estaba aínda en vigor no exercicio pasado, e sobre isto, e as omisións de requisitos en trámites esenciais que marca a lei de facendas locais, queremos facer un chamamento ó goberno para que se cumpra, como pensamos que si se fará, a normativa antes de rematar o proceso administrativo, segundo as determinadas leis, como a de facendas locais, e demais concordantes.

Resumindo, esta Conta Xeral amosa, non unha boa política de ingresos, os gastos xestiónanse menos do debido, de cada 100 pesetas, 49, e polo tanto, o orzamento preventivo foi un voto negativo, e a Conta Xeral, o grupo socialista ten que pronunciarse da mesma maneira. Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, o voto do grupo provincial socialista vai ser un voto negativo. Moitas gracias.

Sr. Erias Rey

A verdade é que estamos nun pleno moi importante, nun pleno no que este grupo de goberno presenta para a súa aprobación a Conta Xeral do exercicio 2001, que é do que temos que debater, pero este grupo de goberno non ten ningún problema en debater o que son responsabilidades propias das responsabilidades asumidas a partir do ano 1999, e da xestión dos orzamentos do 2000, 2001 e estamos no 2002. Polo tanto, tódalas referencias que fixeron vostedes en termos globais, acumulando cousas que non teñen que ver unhas coas outras, pedindo e esixindo responsabilidades a persoas diferentes, en momentos tamén diferentes do tempo, imos dar tamén resposta a cada un deses comentarios, porque eu entendo, entendo ós Sres. voceiros, que o primeiro que teñen que facer na Conta Xeral é opoñerse, e enténdoo, desde esa lectura política, Sr. Doval, que vostede me dicía, porque se vostedes certamente, vostede dicía que non era economista, pero calquera economista que lea os datos achegados por estes funcionarios e por estes servicios, ós cales tamén desde o grupo de goberno felicitamos, incluso pola información exhaustiva que lles permite a vostedes apoiarse no que din os nosos técnicos, aquí estamos distinguindo entre o técnico e o político, aquí estamos facendo debate político, á parte de que ó técnico non vou escapar nunca porque ben, é no que eu me formei. Entón, digo que intentaremos ordenadamente darlles contestación a esas formulacións que vostedes fan, e que tamén entendemos que aquí non hai ningún maniqueísmo, que aquí o que nós pretendemos aprobar hoxe é o resultado da execución dun orzamento que foi o do ano 2001, e niso voume centrar especialmente.

Comezamos contestando, ou comentando, cada unha das observacións nas que coinciden os dous voceiros do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista, e que son lugares comúns, certamente, vostedes aquí non presentan ningunha cousa nova, vostedes falan de execución orzamentaria, vostedes falan de nivel de endebedamento, vostedes falan de

modificacións orzamentarias, e vostedes falan, ben, de ingresos que tampouco entendo moi ben a que veñen, pero agora voulle explicar cal é o resultado de todo isto.

Mire, comezando por isto último que acabo de dicir. No tema dos ingresos, e vostede tivo e ten experiencias de goberno, sabe ben que cando o orzamento se elabora hai unha maneira moi sinxela de recadar máis do que se orzamenta, e presentar iso como un éxito de xestión de ingresos, simplemente infravalorando o que se ten como dato de dereitos ou obrigas do exercicio anterior. Nós nunca, nunca, desde que estamos nesta Corporación e eu teño as responsabilidades delegadas de Facenda e Economía, desenvolvemos isto, orzamentamos sempre de maneira realista. Outras administracións non o fan, outras non, outras non o fan. Os servicios da casa fannos unha proposta de estimación, e nós esa proposta, certamente, valórase de acordo co que se pretende recadar. No seu caso, o que apuntou o Sr. Lagares respecto dos ingresos, ¿sabe por que se produce?, porque non dispuxemos do endebedamento, porque nos parece moito máis responsable endebedarnos naquilo que verdadeiramente imos executar, que inflar artificialmente o orzamento con todos eses asuntos que vostede anunciaba, como moi importantes, e hai algo que tamén é unha característica xeral para os dous grupos e que lles quero tamén comentar, o problema da transparencia.

Mire, vostedes fan unha emenda parcial ós orzamentos, e vostedes nesa emenda parcial demandaban máis investimentos para estradas. O grupo de goberno cando se debate o orzamento xa anuncia que unha das súas prioridades son os investimentos en estradas, e que non os dota ó nivel que sería necesario dotalas porque iso vaino facer nun momento posterior, e non quere xerar necesidades que non son preciso materializar orzamentariamente nese momento do tempo, que se poden diferir, porque todos sabemos o que supón acometer ese tipo de investimentos. Entón, como iso está explicitado previamente, non pode servir como crítica a algo que nós lle estamos anunciando que o imos facer, é dicir, vostede pode retomar, pode dicir politicamente, pódeme continuar afirmando que iso sería o que habería que facer, ben eu teño argumentos suficientes como para sinalarlle que no outro caso, o endebedamento necesario, aínda que non, e os dous grupos, eu ningún dos dous penso que profesionalmente penso que son economistas, pero non se pode continuar falando de débeda acumulada, e menos nunha administración como a administración provincial da Deputación da Coruña, porque penso que debe ser a única, polo menos do que eu coñezo, á cal as institucións financeiras non lle poñen ningunha prima cando teñen que acudir cos préstamos, debe ser a única administración, e iso ¿saben por que é?, porque non falamos de débeda acumulada, estamos falando de endebedamento neto en cada exercicio, en cada exercicio amortizamos débeda deses 8.000 que vostede sitúa no ano 96, que é certo, claro que é certo, vostedes collen os números moi ben, pero no ano 96 nós tiñamos outras responsabilidades, e aquí había outras corporacións, e con independencia de que non imos renunciar para nada ó que se poida levar a cabo polo noso grupo político noutros momentos, o que si teño que dicirlle é que esta Corporación, dareille as cifras exactas, o

endebedamento neto practicamente non existiu, penso que 1.300 millóns o ano pasado, pero dareille as cifras exactas, porque tomeime o esforzo de ir vindo ano a ano desde o ano 99 ata o momento actual. Entón, falar de débeda acumulada é un valor que non representa nada, e é máis, se algo tería que representar sería a valoración, e isto tamén o di a Intervención, pero eu non quero que utilicen vostedes a Intervención para contraargumentar nada, pero iso tamén o di, e a solvencia desta institución está claramente respaldada por como terceiros se comportan con nós, e está claro que os terceiros non son irmanciñas da caridade, que certamente sempre buscan as súas garantías para poder levar a cabo o seu negocio.

Polo tanto, insisto, que sirvan estas consideracións tamén para ter presente que o debate, a pesar de que os número son testáns, a pesar de que certamente o son, o debate hai que situalo nos termos nos que as administracións modernas traballan, e logo, claro, é que fan así consideracións xerais, a bonanza, o IAE, o non sei que, ben, aquí non hai bonanza ningunha, esa película vímola hai uns cantos anos, aquí o único que houbo foi unha política económica responsable por un goberno no que conseguiu que, non cumprindo ningún dos obxectivos do chamado pacto de estabilidade, os cumprira todos, e iso proporcionarlle a un país que é España, uns beneficios descoñecidos para tódolos seus cidadáns, e con estas premisas operamos, operou o sistema financeiro que permitiu baixar os tipos desde eses niveis que dicían vostedes do 12% a niveis próximos ó 4%, sentíronno os cidadáns que puideron certamente endebedarse e acometer os pagamentos das hipotecas para poder dispoñer de vivendas, cousas que antes eran impensables, unha familia española non podía pensar niso, pero iso non llo deu a Unión Europea, iso o goberno de España permitiulle ós cidadáns españois beneficiarse desas vantaxes gracias a unha política económica, e iso é o que vostedes non din, pero iso é o que eu quero recalcarlles porque é que o debate, aínda que esta non é a praza na que temos que tourear, se o debate o queren establecer para que a atención vaia por outros camiños, tampouco nos esquezamos.

En segundo lugar, a supresión do IAE e todo isto, non hai que crear ameazas, o que crea son beneficios, son beneficios, dígallo vostede ó 90% dos autónomos, de tódolos profesionais e comerciantes que non van ter que render ese pagamento que case, case, podería considerarse como unha dobre imposición, dígallo vostede a eses, pero pasando por alto todas estas cousas, contestemos a tódalas, entre comiñas, formulacións que en termos numéricos fixeron vostedes.

(Abandonan o salón os Sres. González Garcés e Quiñoy Taboada).

Os dous coincidiron en algo, penso que o leron no informe, e penso que o informe dicía outras cousas, pero en todo caso coincidiron no número 33, 33 modificacións orzamentarias, non, nin moito menos, iso non é o correcto, porque se algo é correcto é que hai que chamarlle modificación orzamentaria ó que é modificación orzamentaria, hai que

saber que é o que ten, porque claro, podería darse a entender que se fan 33 e pasan polo Pleno 3, como se fose unha cousa discrecional, non, non, respectando a legalidade, o único que se fai é levar a Pleno aquilo que é obrigatorio pasar polo Pleno, crédito extraordinario e suplemento de tal. Entón, como iso é así, non nos digan que no ano 2001, que é ó que nos estamos referindo, houbo moitas modificacións orzamentarias, houbo 3, 3 nada máis. E relatarelles como foi toda esta circunstancia. As modificacións que se realizaron, fronte ós sete expedientes do 2000, no 2001, tres, e en 1999, que tamén xestionamos nós a segunda parte, oito, exercicio 99 do cal esta Corporación xestionou a segunda parte, oito, no ano 2000, sete, no ano 2001, tres expedientes. E agora imos ó que vostedes dicían desde 3 a 33, e iso ¿para onde foi?, pois iso non son propiamente modificacións, isto son incorporacións de remanente, unhas que son obrigatorias, outras voluntarias, xeraicón de crédito, que como tamén saben consisten en aumentos de créditos financiados con novos ingresos de natureza non tributaria, e aquí claro, din, “non, é que o orzamento inicial e o orzamento final, con estas modificacións se desvirtúa totalmente”, non é verdade iso, vou ler os números dese exercicio, e tomen nota, porque isto non vén nos informes, isto garántolles que non está nos informes: 11.591 millóns corresponden ás incorporacións netas de remanentes de crédito do orzamento do 2000; 2.093 corresponden a aumentos de crédito orzamentarios por maiores ingresos do MAP, do FEDER, do INAP, da Xunta e dos concellos; 5.500 millóns, corresponden a créditos extraordinarios e suplementos de crédito financiados con remanentes de Tesourería para novos gastos; e claro, estes tres últimos expedientes dos que eu lle estou falando, eran todas aquelas circunstancias que, non tendo crédito no orzamento, e iso si que, entre comiñas, cambia a natureza do orzamento, entre comiñas, porque a importancia relativa respecto ós 21.000 millóns de pesetas do orzamento é menor, pero si que o cambia, porque non se contemplaba, pero ¿que sucede?, que iso que non se contemplaba e non tiña crédito, previamente este voceiro, de acordo coa política marcada polo presidente desta Corporación, explicitou que o podía facer, dixémosllo antes, dixémoslle antes, mire, non o dotamos, pero ímolo facer, e é máis, a data de hoxe podemos dicir que, non só anunciamos que o íamos facer, senón que o cumprimos, fixémoslo, e fixémoslo, ¿para que?, pois para cumprir coa política que desde un primeiro momento vimos dicindo que é dotar e ser coherentes coa maior autonomía que os concellos deben dispoñer para tamén levar a cabo as tarefas que lle son propias. Neste sentido, basicamente os capítulos IV e VII son os que a deputación lles deu máis importancia para que sexan as propias entidades locais as que materialicen cales son as súas necesidades, dispoñan do financiamento e poidan executalo tal e como eles desexan.

Con estes criterios eu penso que esas modificacións que son pouco importantes, penso que non nos saltamos en ningún momento a norma, e non só o penso, senón que o afirmo, e todas as demais das que vostedes nos falan, é o que se pode facer dentro de tódalas corporacións, suplementando ou levando a cabo transferencias, ou incorporando ingresos que non estaban previstos, porque incrementan, etc., etc.; e ás veces é que os ingresos se incrementan froito das boas xestións que desenvolve o grupo de goberno e hai

que incorporalos, hai que xerar ese crédito, e hai que traelos, etc., etc. Polo tanto, eu teño que discrepar, non como político, senón como técnico, do que vostedes anunciaron á hora de mencionar que había 33 modificacións orzamentarias, que o orzamento inicial non se parecía ó final, etc., etc. Houbo unicamente 3, esas 3 anunciadas previamente, porque o que foi como crédito extraordinario explicitouse, a prol desa transparencia, que o iamos levar a cabo, e ademais coincidía cunha das prioridades que vostedes nos marcaban, agradecemosllo ademais ó grupo socialista, porque tamén sabemos que traballan vostedes con responsabilidade dentro da provincia e que, cando o grupo de goberno presenta accións que son compromisos nos que coincidimos, vostedes votan que si, eu penso que neste caso tamén deberían de votar que si, porque non, porque ós 33 expedientes, sabe ben o Sr. Lagares, ben, non hai nin 33, que foron 3, e deses 3 xa estaba anunciado todo o que iamos facer, porque se non, si que habería que endebedar máis á deputación, pero en fin, non imos seguir por ese camiño.

Respecto do nivel de execución. No nivel de execución, cuestións moi similares. No orzamento de ingresos xa lle anuncie, e penso que seguimos mellorando, poderíamos incluso, ben pois eu penso que ter outro éxito diferente se desenvolvesemos, penso que non prudentemente o orzamento, se desenvolvesemos outra técnica, que se pode facer, e que hai algúns que o fan, poderíamos ter outro resultado. Pero en termos absolutos, tome nota, en termos absolutos, iso tampouco vén no informe, recadáronse 373 millóns máis no exercicio 2001 do que se facía no 2002, termos absolutos, 373 millóns de pesetas.

Os ingresos correntes, o que se xestionou, foi o 95, 92% de tódolos orzados, polo tanto penso que é unha cifra moi significativa, e estoulle dicindo de tódolos orzados, pero é que poderíamos xestionar o 110 dos orzados, porque estamos elaborando o próximo orzamento e poderíamos cambiar a táctica e que isto nos servise de argumento para outra situación, pero non nos parece positivo. Marcámonos retos, marcámonos un reto que era renovar un convenio cos concellos ós cales lles prestabamos servizo para levar a cabo os servizos de xestión, recadación e inspección de tributos, porque pensabamos que era bo que a deputación liderase ese proceso, e como nos marcamos ese reto, tamén nos marcamos obxectivos ambiciosos en canto á consecución de recadación en concepto de ingresos.

Poderíamos poñer obxectivos menos ambiciosos, chegar aquí e dicir “que bos somos que recadamos o 120%, iso din algúns, e eu, cando me toca criticar digo, mire, iso non o faga porque se está autoenganando vostede, iso non é o mellor. Eu penso que, prudentemente, tendo en conta os dereitos liquidados, coller e orzar un crecemento ordinario do orzamento e ver se ese crecemento ordinario somos capaces de soste e de xestionar eses resultados que nos marcamos ó principio do exercicio; o 95% duns resultados ambiciosos, penso que é un bo resultado, incrementar en termos absolutos, en 373 millóns, non llo poño en termos relativos, porque iso sería a repera, sobre 21.000 millóns de pesetas

poñer 373, francamente, sería o 0,00000, por iso fállolle de termos absolutos, aínda que non é moi axeitado falar en termos absolutos, pero tamén lle digo porque o estou facendo así.

Respecto á execución, a como executamos todo ese gasto, eu penso que hai que ter en conta dúas cousas. Vostedes collen números soltos e con eses números lánzannos aquí a esta area e veña, a ver se cun gran de area facemos máis morea e xa non nos vemos, pois eu prefiro aí que lle boten un pouquiño de auga e a ver se fructifica algo. Mire, temos que ter en conta o tema que lle falei dos capítulos IV e VII, eses veñen representar case o 40% dos créditos definitivos, en canto ó orzamento de gastos. En segundo lugar, penso que debemos fixarnos noutro tipo de cuestións, porque se nos quedamos con isto soamente, e dígolle que practicamente a metade do orzamento o xestionan os propios concellos porque nós propiciamos esa descentralización como grupo de goberno, e ademais que pensamos niso, e agora estoume lembrando do que nos dicía do tema da Xunta, Sr. Lagares, claro esta administración o que fai é utilizar outro concepto moderno, ¿sabe de que?, cooperación, é dicir, non hai que cooperar para logo competir, que iso é unha máxima dalgún ambiente productivo totalmente superado, senón que cooperamos para facer máis e cooperamos naquilo, non subsidiariamente, senón naquilo que pensamos que é prioritario e que ailladamente non podería facerse, entón esta deputación non transfere fondos para ese asunto do deporte, senón que contribúe responsablemente a apoiar outras iniciativas doutras institucións, que sumadas permiten ós cidadáns da provincia da Coruña ter uns bos equipamentos deportivos e, o que é moito mellor, gozar a través deses equipamentos, dese lecer ó que todos tanto queremos. Penso que isto no tema do deporte, pero é que hai outros temas nos cales noutros orzamentos teremos que falar, e que non é que a deputación irresponsablemente se meta en programas que non lle corresponden, etc.; etc.; non, non, non, esta administración coopera institucionalmente con outras administracións, tanto de ámbito superior, como do propio ámbito local, e nalgúns casos considera que a cultura é fundamental e non ten empacho en financiar 130 millóns á Orquestra Sinfónica ou o que sexa preciso, porque cremos niso. Probablemente para levar a cabo unha actuación deste tipo unha institución só, sería inviable, necesita das demais, e ás veces ata da cooperación privada, e tamén defendemos a cooperación público-privada, que non sería malo empezar a desenvolver, de momento non chegamos a ese estadio, pero eu penso que sería un camiño cara onde debiamos de avanzar.

Polo tanto, hai que ter sempre en conta tódolos elementos, porque se non se lles ten en conta, xa alguén o dixo, e eu non quero reiterar e pecar de pretencioso, pero cando pretendemos botar un asunto fóra porque nos incomoda, ese asunto normalmente invádenos por todas partes, entón se pretendesemos non cooperar, ó final estaríamos atados por ese descontento que podían ter outros concellos, actuando coa filosofía de concello de concellos, porque non lles prestamos ese apoio que eles demandan. E claro, como iso non o facemos, o que si é verdade é que aparecen reflectidas tal e como vostede di, case, case se pode ler iso, pero vostede sabe que non son así as cousas, porque o seu propio concello,

non, non, vostede sábeo porque o seu propio concello e a Corporación da que forma parte, tamén niso recibe o que esta deputación con outras administracións fai, é verdade, entón como é así, por iso coméntollo.

E despois, sinalar que claro, cando falamos de execución orzamentaria non pode remitirnos a unha parte soa. A xestión empeza desde o comezo que a obra se contrata, e que o gasto empeza a cumprir a súa finalidade para que poida levarse isto, ata que realmente se liquida, son un conxunto de fases, e claro, nese conxunto de fases hai diferente nivel de execución, é máis, hai algunhas que non poden rematarse por imposibilidade material dentro do propio exercicio que se contemplan e, polo tanto, aparecen nunha determinada fase, e non chegaron á última fase, ben, pois, xa o repetín tantas veces que penso que é un pouco reiterativo dicilo. Hai que ter en conta tódalas fases de execución do gasto público, porque se non, non estamos argumentando convenientemente. Repito que o entendo, entendo que vostedes son políticos, entendo que vostedes deban presentar ó grupo de goberno comentarios que, en certa medida, sirvan para criticar o labor do goberno, pero ben, penso que non ten fundamento técnico e razón política, porque a razón política eu diferencioa do argumento técnico en que en canto técnico hai que cientificamente probar o que se quere argumentar, pero politicamente non abonda con lanzar sospeitas. Hai que lles preguntar ós cidadáns se están máis contentos, o que antes lles dicía da bonanza, da política, etc., etc., hai que preguntarllelo, e iso, os cidadáns, afortunadamente nas sociedades democráticas amósano cada certo tempo

Entón, para executar sirvan estes comentarios xerais, e se quere detalle por conceptos, pódollo dar, pero creo que con isto sería adecuado. Mesmo tamén poderíamos falar, desde outro punto de vista, da execución desde o punto de vista económico, ou desde o punto de vista funcional, seguindo os criterios ó uso, pero creo que non é o momento de facelo.

Quedan dúas cousas, unha o remanente de Tesourería e outra a débeda, xa anunciei algúns aspectos sobre isto. Imos empezar pola débeda porque se motiva moito máis a débeda que o remanente.

Tocante á débeda, mire, vou darlles datos desde o ano 97, vostedes dispóñenos, fíxese, algo que eu creo que debemos de empezar a pór en valor, igual que o famoso libro amarelo dos orzamentos do Estado. Creo que son un documento magnífico para que tódolos cidadáns, en anacos de tempo libre, botemos unha ollada, e deben de estar a disposición de todos. Tamén creo que son uns grandes documentos os que estes servicios da nosa casa proporcionan porque ofrecen series históricas que nos permiten mesmo facer comparacións, especulacións, e outras cousas. Mire, a débeda concertada, a débeda acumulada e o incremento en termos relativos de débeda, ano a ano desde o que vostede nos dixo. E tocante ó ano 2001 direille, débeda concertada, é dicir, a necesidade de endebedamento cos

orxamentos que nosoutros presentamos no intre de sometelos á súa aprobación, 1.505 millóns; se fixeramos o que vostedes dicían, débeda concertada, en vez de 1.505 terían que ser 3.000 millóns, seguro -non, non, non, non hai volta, este é o dato, non hai volta-; segundo, amortización, 1.205 millóns, incremento neto de débeda, porque cando falamos de acumulado hai que ter en conta o que lle vai sumando cada un cada ano, ¿que lle sumamos nosoutros á débeda que xa tiñamos?, 300 millóns, 300 millóns, e fíxense, a pregunta tamén é ¿e por que se endebedan as Administracións?, para o que nos permite a lei, porque non nos endebedamos para caprichos de compra de bens e servicios, endebedámonos para desenvolver investimentos, necesarios provincialmente, e eses investimentos, ademais, cando cremos que teñen certo desfase non os poñemos todos cando elaboramos o orxamento, senón que os imos graduando, suplementándoos, porque nos parece máis correcto, en vez de tirar dos recursos alleos, tirar dos recursos propios, ou tirar dunha maior eficiencia na xestión do gasto, e isto é o criterio básico co que nos comportamos, pero se imos á serie vemos: débeda concertada, ano a ano, ano 99, que non elaboramos nosoutros o orxamento, 3.975 millóns -estou empezando nesta lexislatura, que é da que creo que me corresponde falar, e en segundo lugar correspóndeme falar do ano 2001, que xa llo dixen-, concertada, 3.975 millóns; ano 2000, concertada, 2.200 millóns, ano 2001, concertada, 1.505. Entre 3.905 do ano 99 e 1.505, facendo a resta, hai 1.400 millóns menos de débeda concertada, o 50%. Agora, débeda acumulada: 12.000 millóns no ano 99, 13.500 no ano 2000, e 13.800 no ano 2001. Incremento en termos relativos: máis 23% no 99, máis 10% no 2000, máis 2% no 2001.

Se nos referimos ó que estou a falar, terían que votar que si, de seren coherentes cos seus argumentos. O endebedamento, se é o argumento que lles impide votarnos favorablemente, creceu un 2%, e fíxense vostedes os investimentos, camiñen polas estradas da Deputación provincial, veñan vostedes os equipamentos deportivos, asistan vostedes a esas obras que se veñen desenvolvendo co esforzo que desde a provincia se pretende levar para cubrir esas necesidades de tódolos veciños da provincia da Coruña, e vexan vostedes que non é desmesurado incrementar un 2% ese endebedamento, sobre todo tendo en conta que as necesidades, sempre, sempre, son crecentes, e cada paso haberá máis e máis e moitas máis, e é moi bo isto, porque isto significa que imos descubrindo pracer co que facemos, e entón, claro, teremos máis necesidade.

Polo tanto, creo que o argumento do endebedamento non é un argumento axustado desde o punto de vista técnico, o dicir que a deputación está nunha situación preocupante con esa débeda, creo que máis ben todo o contrario.

Se fixeramos referencia a outro indicador que normalmente se fai, que é ver o endebedamento neto respecto ás operacións correntes, o que supón, isto fano as entidades financeiras, isto é o que fan as entidades financeiras, pois mire, do 18,91% é dicir, case do 19%, pasamos ó 7,1% no 2000 e ó 1,55%, e isto de verdade que non teño ganas de estar

aquí repetindo números, pero é unha evidencia tan clara que creo que lles debería de facer considerar o seu proxecto político, porque o proxecto político tamén, se os cidadáns da provincia da Coruña nos estiveran escoitando, creo que lles quitarían a razón, e no seu momento preelectoral que lle quiten a razón, non é bo, eu creo que non é bo, é moito mellor explicar, dicir, mire, realmente o que se está facendo é cubrir as necesidades, e governe o grupo político que governe vai ter que desenvolver un compromiso, primeiro cos ingresos dos que dispón, segundo cos extraordinarios que pode conseguir e terceiro dando atención e preferencia a cómo mellora o benestar de todos, e se iso llo formulan internamente eu creo que van ter unha pequena contradicción, que é doada de resolver. Rectificar é cousa de sabios, eu pídolles que rectifiquen, e máis nada, moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Agora entendo porque nos últimos plenos estaba calado o Sr. Erias, o Sr. Erias non quere facer política aprazada, faina directamente, mete todo no mesmo saco e condénanos un día a un debate, case case monográfico, onde ó final eu pechaba os ollos e víame rachando o carné do meu grupo político, porque ó que ó final me dicía o Sr. Erias, pensei que ía dicirme que el tiña a solución, dicíndonos que nos cambiáramos todos ó Partido Popular.

Creo que el mesturou moitas cousas e eu non teño capacidade, tanta como ten o Sr. Erias, para mesturalos, polo menos non utilizo tanto tempo como el, seguro que as mesturo máis, pero confeso que quen me controlaba nas miñas intervencións xa me fixo perder a capacidade de ser o líder nas intervencións, porque xa o ten o Sr. Erias.

Ó mellor estamos dando un debate en foros equivocados, e a min preocúpame que o Sr. Erias fale de contrapor o debate político ó debate técnico, eu non podo dar máis ca non. Eu de darse un debate exclusivamente técnico, eu confeso que me teño que ir de aquí, entón como aínda creo que podo estar, intento dar o debate político, pero preocúpame un pouco que vostede pense que o debate ten que ser un debate técnico, como se aquí, detrás de cada número, non houbese unha filosofía política e haberaa no grupo de goberno, que é o que executa os orzamentos, e hai ideas nos grupos da oposición que presentan alternativas. E vostede non soamente dixo iso senón que dixo outra cousa preocupante, “vostedes actúan como políticos” e entón vostede ¿como que actúa?, porque non me dirá que aquí está en calidade de economista, ¿non?, saberá máis ca nosoutros porque é economista, pero vostede aquí é igual, canto menos, xa non digo máis, pero igual de político ca nosoutros. Eu creo que hai que matizar iso, porque senón vostede sitúase nun debate que nos confunde e que non nos fai ver realmente cuál é o fondo da cuestión. E sobre todo eu creo que non debemos de caer en cuestións demasiado tecnicistas, porque mire eu hoxe pola mañá nun debate, e ven a conto, nun debate nunha cadea de radio, escoitaba a un coñecido economista que non vou dicir o nome, pero que pasou por todo, non digo máis ca iso, e que

xustificaba os datos que os medios de comunicación recollían hoxe respecto a ese investimento que hai en Galicia con respecto ó resto do Estado, é dicir, euros-habitante no Estado, e entón, ¿sabe como xustificaba ese precioso e prestixioso economista este tema?, dicía que é que en Galicia hai moitas persoas que cobran as xubilacións, moitas pensións, e entón Galicia está beneficiada, xa está, ¡toma economía! é dicir, aquí como temos moita xente que, desgraciadamente, é maior, e ten que acudir, desgraciadamente, ós fondos de pensións, pois non teremos estradas, nin teremos auga corrente, etc., etc., eu penso que é alucinante que o diga un economista, menos mal que apareceu outro que non era economista, que xa lle puxo as cousas enriba da mesa. É dicir, detrás dos números hai necesidades sociais que moitas veces non teñen nada que ver cos números, pero en calquera caso, nosoutros a valoración que facemos, e a análise que se está a facer, utiliza, e quero precisalo aquí, nosoutros non utilizamos intervención, utilizamos informes que fan os técnicos, e lémoslos dunha maneira, e vostedes leos doutra, pero en todo caso, non me gusta nada a palabra utilización. Lemos, e lémoslos dunha maneira cada un, coma un libro de contos, cada un leo dunha maneira, e os libros, que son para analizar, tamén cada un os le doutra maneira.

Pero en todo caso, eu dígolle ó Sr. Erias, que eu, se dirixira unha institución, que acaba cun orzamento o 40% superior ó que tiña aprobado inicialmente, estaría preocupado. ¿Sabe como non estaría preocupado?, se iso fora o resultado de que xogamos á ONCE e tocounos un gran premio, entón, efectivamente, choveron os millóns e benvidos sexan, pero se non, eu creo que iso o que evidencia é que non se orzou ben, e vostede le o contido despois de todas esas modificacións que se van facendo, e ven que obedecen tamén a unha mala elaboración do orzamento, e unha política orzamentaria que é mala, e ¿sabe por que?, e voulle dicir sobre todo porque, e conéctoo con outra cousa da que dixo vostede: esta deputación, afortunada, desgraciada, ou simplemente é así, ten unha economía que está baseada fundamentalmente, paréceme que era o 71 ou 72%, son transferencias do Estado, é unha institución subvencionada, e que vive practicamente subvencionada, que non xera riqueza, que non xera impostos, ben, pois iso leva a dúas cuestións. A primeira delas é a que vostede dicía dos bancos, ¿sabe porque os bancos non teñen ningún problema?, porque saben que aquí hai o que hai sempre, nun Concello pode haber máis dúbidas de se se xera ou non riqueza, ou se se cobran ou non os impostos, coas deputacións non hai problemas porque saben que hai transferencias do Estado que manteñen iso, entón, eu creo que ese é o debate, non é outro. Saben de onde chove nas deputacións, as caixas, os bancos e entidades bancarias, saben de onde chove nas deputacións e sabe de onde non chove nos concellos, por iso dan créditos nun sitio e non os dan noutros, Sr. Erias. Pero eu creo que é evidente, que efectivamente terminar un exercicio orzamentario co 40% do orzamento de encima do que estaba orzado, non é unha boa política orzamentaria, e se iso se toma como norma, porque iso non é a primeira vez que nos pasa, isto non fai unha situación excepcional, ánimoo a vostede a que lea a conta xeral que fixemos o ano pasado no ano 2001 do orzamento xeral do 2000, e era similar a todo isto, entón a min non me cadran as contas. A min desde logo,

se nunha institución local, concello ou deputación, pasa o que está pasando aquí, a min canto menos daríame que pensar, sabe que son bastante suave, digo que daría que pensar.

Por certo, eu creo que aquí ninguén falou de ilegalidades, cando se falou de expedientes de modificación de créditos, uns tramitados polo Pleno e outros tramitados pola Presidencia da Deputación aquí ninguén falou absolutamente diso, como ninguén falou de ilegalidades cando se falou do endebedamento, falouse de cantidades e falouse de preocupación por esas cantidades, e se hai, Sr. Erias, hai 33 expedientes de modificación de créditos, xa sei cales son uns e cales son outros; xa sei o contido duns e o contido doutros, pero son 33 expedientes de modificación de créditos, dos cales 3 viñeron a Pleno, e 30 aprobáronse por resolución porque a lei permite que sexa así, ninguén dixo o contrario, é dicir, non poña vostede o carro diante dos bois, facendo afirmacións ou deixando dúbida, ou pensando que algúns sementamos a dúbida, se dixemos iso, de 33, 30 por Resolución de Presidencia, e 3 simplemente que pasaron a aprobación plenaria.

Eu non quero falar de, en fin “viaxe vostede pola provincia, pregúntelle ós cidadáns”, e tal, paréceme que vostedes lle preguntaron hai pouco a través dunha enquisa que me parece que financiou esta deputación, e por certo, do que eu sei parece que os resultados non saíron moi bos, porque o índice de coñecemento dos que estamos aquí dentro era case case practicamente nulo, fíxese vostede, entón eu case mellor non lle vou preguntar, pero si que lle teño que dicir que, efectivamente, as necesidades son moitas, e non se están tratando dunha maneira racional, e aquí entraríamos no debate do Plan de estradas, no Plan operativo local, etc., etc., xa debateremos diso, eu creo que non estamos no punto.

Termino soamente cunha cuestión, eu creo que o tema do IAE non vén ó caso, xa que vostede fala diso, España vai ben, pero non tanto, e do ben que vai España pois parece que a Galicia non lle vai tan ben, polo que din os economistas, non os políticos, o que din os economistas, que non nos vai tan ben, e en todo caso, si que quería dicirlle unha cousa porque a nosoutros, como grupo político é un tema que nos preocupa, o tema do IAE. Lémbrolle que levan vostedes seis anos gobernando no goberno central, desde o ano 1996, é dicir, hai seis anos que algúns cidadáns afectados, e que algúns que non somos cidadáns, ó mellor directamente afectados, pero temos interese, estamos esperando a ver que alternativa dan vostedes ó imposto de actividades económicas, e non me veña vostede con que é bo, con que é malo, con que se vai compensar, eu creo que un período de seis anos é suficiente para saber qué alternativa van ter os concellos, que aínda non o saben a estas alturas.

Polo tanto, Sr. Erias, eu lamento moito que, co esforzo que vostede fixo en tempo e en método para intentar convencernos, non nos convencera, pero si que lle teño que dicir que nunha cousa coincido con vostede, nosoutros votamos por razóns políticas, que non por razóns partidarias, non temos que dicir que non, dicimos que non porque o pensamos, ó mellor estamos equivocados, pero por favor, déixenos algún tempo máis equivocados, non

nos acabe de terminar esta lexislatura demostrándonos que estamos equivocados, porque vostede vai quedar sen oposición, entón isto sería moi malo, déixenos acabar como oposición, e despois xa veremos se nos convence e ó mellor conséguese aquí a maioría absoluta, en fin, xa distendendo un pouco ese clima. Eu creo que hai que ser un pouquiño serio nestes temas, a oposición ten a súa opinión, a oposición dixo o que tiña que dicir, e eu creo que non ten aquí ningún senso que volvamos sobre temas que non están ademais na orde do día, que nosoutros, pola parte que nos corresponde, desde logo, non temos nada que entrar. Nosoutros mantemos o voto negativo.

Sr. Lagares Pérez

Intentaremos ser breves e concisos. Esta vez o Sr. Erias estendeuse amplamente, deunos unha lección numérica que case nos deixa abraiados.

Si quéro lle agradecer en primeiro lugar a responsabilidade do grupo socialista. Non o dubide o equipo de goberno, e así o demostramos aquí, que somos responsables e que cando consideramos que unha cousa está ben feita, recoñécémolo publicamente e non nos importa. E cada un fala da romaría segundo lle convén, claro, podemos dicir que aquí todos somos populares pero non do Partido Popular, cada un fala da romaría segundo lle convén. E non estamos no mundo feliz de Huxley, Sr. Erias, pero tampouco estamos na catástrofe mundana de Ionesco, hai termos sempre intermedios, estamos debatendo a Conta xeral do orzamento de 2001, onde se xestionaron de cada 100 pesetas, 49, gústelle ou non, os números son así, e as contas danse así, non lle deamos máis voltas, as contas dan así, non está debidamente ben xestionado, nin o orzamento de ingresos nin o orzamento de gastos.

Intencións, boas intencións, como non; transparencia, si transparencia deste equipo de goberno, ninguén dixo que non. O grupo provincial socialista non pon en dúbida a honorabilidade deste equipo de goberno co seu presidente á cabeza, nin a puxo, nin a pon, pero anteriormente houbo gobernos provinciais que sostían o Partido Popular, e aí hai responsabilidades políticas do Partido Popular. Eu dicía, aí queda para que reflexione, vostede xa reflexionou en voz alta, claro, 14.000 millóns de pesetas de débeda, débeda acumulada 14.000 millóns de pesetas, 13.880 millóns de pesetas. Pero indubidablemente a realidade está aí, estamos nun debate político, non nun debate técnico, o debate político consiste en facer unha redistribución equilibrada das economías para o benestar dos cidadáns, neste caso da provincia, e esta redistribución hai que facela coordinada en cooperación, ninguén dubida da cooperación coa Xunta, pero ¿como responde a Xunta en colaboración coas deputacións?, responde cunha entrega en transferencias correntes para os colexios Calvo Sotelo e Instituto Puga Ramón con 91 millóns de pesetas, pero imos, ¿onde estamos? Se hai unha cooperación que sexa unha cooperación leal, non unha subvención desleal.

E tópicos e lugares comúns claro que os hai, pero os números están aí, o grupo socialista non inventa os números, a táboa numérica existe aí, antes era en pesetas, agora en euros. Falaba dun libro amarelo que vai sacar este goberno, refírome ó goberno central, pregúntelle á señora da compra, esa inflación prevista para este ano do 2% onde está, onde está o poder adquisitivo dos españois, que a iso se referiu e eu creo que non ten nada que ver coa Conta xeral do orzamento, de forma directa, pero si de forma indirecta, porque os impostos indirectos son os que están subindo vostedes. Aí está a doutrina económica distinta do Partido Socialista e do Partido Popular. Vostedes impostos indirectos, que lle cascamos a toda a poboación de forma similar, nosoutros non, os demais rendas, impostos directos, e fortes, distintos Sr. Erias. Son casos concretos. Preguntemos polas estradas provinciais, miremos cómo está o Plan de conservación de estradas provinciais, porque eu tiven a ocasión de pasar por unha estrada provincial e as silvas case cubrían a estrada, as gabias estaban sen limpar, o firme estaba ben, si señor, o firme estaba ben, a realidade hai que dicila, polo menos algo está ben, por iso quedémonos nunha posición intermedia, nin no mundo feliz de Huxley nin no catastrofismo de Ionesco, algo está ben, ¿como non vai estar ben?, este goberno algo terá que facer, é que se non fixera nada, teríamos que utilizar os mecanismos que nos dá a lei para intentar que esa non marcha adecuada sexa a que teña que marchar adecuadamente, como vehículo, se van en terceira, pasan a cuarta, e directa e non aceleran, o coche para, o coche para, agardemos que o coche non pare.

E estamos ante dereitos liquidados que si aparecen aí, numericamente nos informes dos técnicos, como non, aquí temos que facer referencia ós informes dos técnicos, pero todo isto ten un fondo político, e é a xestión do equipo de goberno, a xestión que hoxe aquí estamos debatendo na conta xeral. E esa xestión, o grupo socialista entende que non é adecuada, entende que hai boas intencións pero non chegan as boas intencións, hai que chegar a bo porto. O barco pode navegar ben, ter unha boa singradura, se non chega a porto, descarga o carbón coas tobeiras axeitadas para non molestar ós veciños dos Castros, non serve, non serve.

Cando vostede falaba do orzamento preventivo referíase á emenda que presentou o grupo socialista, teño que correxilo, o grupo socialista non emendou para nada as estradas provinciais, para nada. Neste exercicio 2001 fixémoslle caso a vostede, e non emendamos o orzamento, dado que na Comisión Informativa nos anunciou que ía ter máis para investimentos de estradas e para mantemento e conservación; a emenda que teño aquí na man non di nada diso, referíámonos a dous conceptos: un deles practicamente esquecido, que son as vacas tolas, practicamente esquecido, pero non esquecido por algúns, porque o sector primario desta provincia está sumido nunha crise grande a raíz disto e do prezo do leite e da carne de vacún, e emendabamos tamén o Plan á cooperación das obras e servicios, eran as emendas que presentabamos. Substituíamos unha serie de partidas que considerabamos, ben que estaban reflectidos pola comunidade autónoma, portelo único, esas partidas discrecionais para cidades de 50.000 haibtantes, e outras emendas que non me

vou referir, nunca nas estradas, fixémoslle caso, fixémoslle caso, pero hoxe a estrada pola mañá aínda estaban as gabias sen limpar e as silvas cubríana, o firme estaba ben. Esa é a realidade.

Fálanos da apelación ó crédito, ben, Sr. Erias, eu sigo mantendo que todos somos responsables de cando temos disciplinas de goberno, nosoutros tivemos disciplinas de goberno, o Sr Fernández Moreda foi presidente desta institución, nalgún momento deixouse sen ir a apelación ó crédito para baixar o nivel de endebedamento, e foise directamente a compensar ou investir co propio superávit, hoxe remanente de Tesourería. Polo tanto, non é ningunha invención, están aí as actas e pódese comprobar perfectamente.

E si é certo que, indubidablemente, no capítulo VI e VII mellorouse, sen dúbida, claro, os expedientes de modificación de créditos que me quero referir a eles, que son 33, 3 de Pleno e 30 que fai o Sr. presidente, é un mecanismo normal, é un mecanismo que nos marca a Lei xeral orzamentaria e as bases de execución do orzamento, e pódese facer perfectamente, pero son expedientes de modificación de créditos. Por certo, os tres expedientes de pleno, o grupo socialista valorounos favorablemente, pero unha cousa é o inicio do exercicio e outra cousa é o peche do exercicio e a xestión orzamentaria, ¿ou é que non valen as resolucións do presidente?, esta é a resolución do presidente que asina en febreiro e onde se di cál é o remanente de Tesourería, e aquí di 18.167.999, son 19.000 millóns de pesetas de remanente de Tesourería, que me diga vostede que están nunhas fases determinadas parécenos ben, claro que si, que sabemos disto un pouquiño, pouca cousa, un humilde mestre de escola non vai intentar facer ante un economista un debate económico en profundidade, pero dúas máis dúas son catro, dicíame o neno, pero o neno tamén dicía ¿en que base mestre?, ¿en base decimal ou en base dúas?, porque hai que mirar as cousas, e os números están aquí, indubidablemente os técnicos adoitan facer ben as gabias e adoitan cadrar perfectamente os orzamentos.

Xa vou terminando, Sr. presidente, quizais me estou estendendo moito, pero si quero salientar que aquí houbo unha confusión que, ou non entendemos ben, ou creo que o Sr. Erias terxiversou. Indubidablemente o grupo socialista valora favorablemente a recadación, a xestión tributaria e a inspección que fai esta deputación de cara ós concellos. O noso voto foi favorable nesta cámara cando se votaron as ordenanzas, e avanzouse neste tema, hai que dicilo, avanzouse, entrégase máis a conta, faise un preantecipio no mes de decembro, e a liquidación cando corresponde segundo a ordenanza, claro que si se avanzou, pero vostede referíase á recadación provincial, eu refírome á recadación provincial no capítulo de ingresos, non á recadación da deputación cos concellos, que son fabas contadas, sabe perfectamente que hai catro fórmulas de financiamento, que son o IAE, a taxa e os prezos públicos, os ingresos patrimoniais e a débeda, e a débeda son neste momento 14.000 millóns de pesetas, que están aí os números, eu soamente a deixei para que reflexionara, eu fixen a reflexión en voz baixa, vostede deunos a razón e fixo esa reflexión en voz alta.

Simplemente, e xa para ir terminando, quero dicir que a política de cooperación ten que vir equilibradamente de arriba abaixo, Estado central-autonomías, autonomías-poder local e maior autonomía dos concellos e se esta deputación quere ser concello de concellos, ten que facer unha política baseada na cooperación e na solidariedade cos concellos que son onde viven, onde residen os nosos cidadáns.

E falando das transferencias, direille que, modestamente, o grupo socialista, cando tivo disciplina de goberno, cando gobernou esta institución, fixo as transferencias sanitarias á Xunta, ó Sergas, do Hospital Provincial e do Psiquiátrico de Conxo, e eu creo que foi unha transferencia favorable. No seu momento os distintos grupos, entendo que si a aceptaron como boa, como así tamén chegou o momento, e así o fixo este equipo de goberno, de pagar a compensación do déficit, pero ¿onde están as reunións e as mesas na parte social e na parte educativa, que son competencias asumidas por esta deputación e que non son competencias concretas da deputación?, ¿deuse algún paso?, ¿deuse algún paso na coordinación de estradas no ámbito estatal, autonómico, local e provincial? Isto son temas importantes, e non son temas exclusivamente económicos, son temas dun goberno que ten que seguir gobernando e profundar nos temas, á parte de boas intencións, o barco ten que chegar a porto.

Polo tanto, e xa termino, o grupo socialista non dá o voto negativo porque si, por oporse porque si, non é así, nosoutros fariamos unha política económica diferenciadora na xestión dos ingresos e os gastos, diferente a vostedes. Respectamos a súa intervención, pero non a podemos compartir. O noso voto é negativo, moitas grazas.

Sr. Erias Rey

Vexo que no reloxo soamente se fixan cando interveño eu, porque claro, o que vostedes falan, isto non computa. En todo caso, si podo, serei breve porque non hai peor cousa que anunciar, cando alguén di que vai ser breve, normalmente larga todo o que quere e máis.

Neste senso enténdoo, no senso de político, non no senso de técnico, cando estaba falando de técnico e político estábame acordando dalgunhas lecturas que teñen fundamento para o que cadaquén dentro do seu campo desenvolve, e creo que é moi respectable a función que eu desenvolvo como político. Eu aquí nunca me propuxen ningún outro papel porque, nin o desenvolvín nin pretendín levalo a cabo, e en todo caso sería impropio, polo tanto, conscente de cal é a miña responsabilidade, estiven e estou como político, e continuarei estando como político. Vostede fai a súa intervención como político, e eu o único que quería deixar claro cando lles estaba dicindo a diferenza entre técnico e político é que, a diferenza do que os nosos serivcios fan, porque as valoracións non son propias, é dicir, os

xuízos interpretativos sobre os que os números representan, e os números son túzaros, pero os números, afortunadamente, non son neutrais. E eu non hai que remitirse a moitas consideracións para saber que a aritmética, en determinados lugares, non produce dou por dous catro sempre, non, e gracias a política dous por dous poden ser dezaseis, afortunadamente e gracias a iso. E sabe vostede por que, ¿verdade?, pero por se servira de algo, simplemente por se servira de algo, porque se coopera no senso no que se anticipara o que se quería facer. Entón, cando todo vai no mesmo senso, e vostede pon o exemplo do barco, unha boa empopada, non che fai falta trasluchar, xa vas directamente, unha marabilla, pois aquí tamén é o mesmo. Entón, eu non son alleo a estas peculiaridades, e se aquí nalgún momento desenvolve algún xuízo de intención ten que ver con dous orzamentos de coherencia: uno, coas ideas nas que creo, e segundo, con aquilo que eu entendo, desde a responsabilidade delegada que o presidente me conferiu, como actuamos, e é o que trato de explicar, cómo actuamos, non porque os señores deputados non o entendan, nunca fixen esa presunción, todo o contrario. O único que dixen é que, afortunadamente, esta cámara dispón de informes, moi solventes tecnicamente, e todo o que lle corresponde ós políticos, a obriga é nosa. Entón, dos informes técnicos derívanse conclusións políticas, non exentas de valoracións, e como son demócrata, creo que son tan importantes as valoracións do Sr. voceiro do partido do Bloque Nacionalista Galego como as do voceiro do Partido Socialista, tan importantes como as miñas ou como as de calquera outra persoa, e como iso o respecto, e reitero que son demócrata, non entro a dicir se son mellores ou son peores, iso en todo caso serían xuízos de intencións, e creo que non é propio, nin é do que temos que falar.

Do que temos que falar é dunha realidade, e eu así empecei a miña intervención, dicindo, da aprobación definitiva da Conta xeral do exercicio 2001, e se eu introducín nese debate asuntos que tiveran que ver con algunhas outras circunstancias, non propias do substantivo do que falamos, probablemente foran vostedes os que puxeron o touro en sorte, non o puxen eu, eu o único que fixen foi porlle algunhas picas, ou se é o caso, intentar darlle uns capotazos, que non veñen mal, cánsase o animal e, a partir de aí, xa veremos a ver que pasa. Con respecto, non quero que as palabras se interpreten mal, e que aquí teñamos que padecer o seu significado, dígoo Sr. Doval porque nunca na miña intención estaría utilizar un calificativo dese nivel para ninguén, estaba falando no eido da metáfora do que era un rodo, un tendido e unha faena, e entón como aquí case o hemiciclo se parece un pouco ó tendido, permitinme a licencia, pero nunca, desde logo, con ánimo persoal.

En todo caso, imos entrar ó por menor. Eu non sei qué economista escoitou vostede, pero como en tódalas cousas, e eu non son corporativista, hainos dunha natureza e doutra, en todo caso o que vostede escoite, fíltreo e logo materialíceo como poida, pero se non o fálamos así como persoa que vostede escoita, e falarámolo como profesional, os economistas si estamos de acordo en moitas cousas e no mundo enteiro estase de acordo en moitas cousas sobre cómo os economistas aportaron importante melloras a cómo

desenvolver a satisfacción do que é escaso, porque o final se a economía serve para algo é porque as cousas son escasas, hai que pagar un prezo por elas, e hai que coller e asignar da mellor maneira eses bens para satisfacer as necesidades, que é o concepto fundamental. Pero o que non me diga vostede é porque alguén non tivo a fortuna de expresarse ben, que o que di descalifica a toda unha profesión tan importante á cal eu síntome vencellado, pero desde logo non exerzo diso nin de defensor, non o necesitamos. Dígolle que a economía dálle racionalidade ás cousas, dígolle que este grupo de goberno intentou xestionar máis eficientemente os recursos públicos, e dígolle que este grupo de goberno introduciu criterios importantes que melloran esa eficiencia, e que contamos coa colaboración de todos, claro que si que é verdade, e eu non pretendo que vostedes rompan o carné, se o queren romper e dialogamos máis, pois mellor, mellor, a min gústame dialogar, entón para min moito mellor. En todo caso, cada un que faga o que crea que representa mellor o que son os seus puntos de vista.

Pero iso de que non se explica de onde saen os 41.000 millóns, dígallo ó Sr. Lagares, xestiónanse, non os inventamos, oxala foramos capaces de inventalo, non, non, xestiónanse, e ¿quen o xestiona?, os nosos servicios, e non facemos..., non sei, Harry Potter non a vin aínda, ía pensar un símil dese estilo pero, non, porque as escobas máxicas, iso é complicado dirixilas. En todo caso dígolle que orzamento inicial, orzamento final, no medio ten todo o que é a execución, vostede dio sempre, orzamento preventivo, claro, e preventivamente elabórase, pénsase, detéctanse as necesidades, inténtase actuar, e cando as necesidades se materializan, ás veces necesitamos reformados, desafortunadamente, pero non son patrimonio nin do Partido Popular, nin do grupo de goberno da Deputación Provincial da Coruña, iso é froito da responsabilidade de realizar actuacións, e cando un actúa ás veces dáse conta de que se equivoca, e claro, probablemente eu de memoria equivoqueime cando lle dixen a vostede que incorporaban os investimentos para estrada, home, xa non as incorporaran, porque ¿a última vez que as incorporaron acórdase vostede que lle fixen un catálogo de sete asuntos onde se equivocaran vostedes? e un mesmo o duplicaran, agora si me estou lembrando eu, pero non quero lembrarme, porque si me acordo que naquel asunto vostede mesmo, e ata persoalmente, contestárame que tivo que ser un erro dalguén porque isto..., copiaron o anterior, si, si, Sr. Lagares, as actas están aí, e esas si que son testarudas, e o que estou dicindo está aí, e iso si que é terco, o dito, dito está. E vostede ten que convir comigo que este voceiro pode equivocarse no tocante a atribuírlle o seu desexo, que xa viu materializado polo que nosoutros fixemos, pero o que si é verdade é que no que vostedes dicían había moitos erros que este voceiro corrixiu, que despois vostedes tamén corrixiron e déronse conta de que se equivocaran. Non se trata de debater iso, non quero entrar a este tipo de argumento, porque paréceme que non é propio de hoxe.

Hoxe téñolle que dicir que fronte ás 49 que vostede di que se xestionaron, eu indícolle, e pódolle dar tódalas cifras, e dígolle que non se motivan moito, ¿sabe por que?,

porque ós que nos escoitan cánsaos, eu percibín iso, é moi difícil ó económico darlle suficiente valor como paro que quen o escoita perciba o matiz que hai detrás de todo o que falamos, e é importantísimo, porque está condicionando por unha parte o que fixemos, o que imos facer, ou o que pensamos levar a cabo, niso estou absolutamente de acordo. Pero tamén percibín, por iso ás veces non me motiva, non me motiva dar cifras, non me motiva facer termos relativos, porque isto non é o foro propio para estes asuntos, o foro é o foro do debate, é dicir, ¿que está facendo esta Corporación?, ¿o que tiña que facer?, ¿si ou non?, si, e ¿por que?, ¿fíxoo explícito?, si, ¿como?, dicindo, nosoutros imos priorizar. Primeira cousa, e non quero facer comparacións co Sr. Moreda, que queda moi ó lonxe, moi ó lonxe, está aí próximo, enfronte, pero queda moi ó lonxe para min eses datos, non aparecen nas series, pero eu podo dicirlle algo respecto disto do que é unha Corporación, o que é outra Corporación, o que se pode facer co orzamento ou non, non tiven en conta o que vostedes desenvolveron. O que si é certo é que ese señor que está sentado aí, que é o presidente desta Corporación, o seu primeiro compromiso foi reducir o orzamento en 2000 millóns de pesetas, prolongar a execución dalgúns plans un ano máis e dar unha auténtica capacidade financeira a esta institución, e ese é o éxito dun presidente e duns deputados que arroupando naquilo que podemos arroupar, e escoitando e facendo aquilo que se nos indica, levamos a cabo, e eu non quero pór exemplos comparativos porque nunca son adecuados, porque sempre hai algunha circunstancia que o cambia, non é igual o ano 90, có ano 97, e non vai ser igual o ano 2003, a pesar de que todo se parece e nas actas, ata cando intervimos as mesmas persoas, cometemos e temos os mesmos vicios, non autocontrolarnos un pouco máis, e motivarnos mellor mesmo para que os que nos escoiten disfruten máis.

O que si é certo, é claro, logo vostede aí ponme algunhas palabras, a min a verdade dáme igual a profesión de cada un, e cada un ten que falar do que lle corresponde falar, a min tocouse a área de Economía e Facenda, e dígolle a verdade, que houbera preferido outra, sen ningunha dúbida, pero ben, tocouse esta, teño ademais a sorte de que non me resulta complicado o ler o que os números significan, e claro, o que xa non comparto é que vostedes empecen a meter por medio de que queren redistribuír, de que non sei que, iso é a cantinela do socialismo decimonónico, si, home, si, de verdade que si, escoiten ó viaxeiro vigués, ó que estivo onte en Vigo, escótiteno un pouquiño que seguro que lles virá ben, porque parece ser que ten novas ideas e moderniza, parece ser, eu non o afirmo. En todo caso, se vostedes pensan niso, ata a esquerda si que hai que baixar os impostos, titulares de tódolos medios, ningún o desmentiu, ¿desmentiuo algún?, ¿desmentiuo alguén?, non, non, todo o mundo, pero ¿quen iniciou o proceso?, ¿quen o desenvolveu?, ¿quen o puxo en valor?, ¿quen o fomentou?, claro, é que logo un escoita e ter que calar manda narices, escoita falar do ciclo, o ciclo é outra cousa, pero o que si é verdade é que as fases atemperáronse, e o que si é verdade é que cando hai algún decaemento no pulso da actividade económica, a recuperación é moito máis sinxela, e o que si é verdade é que cando o sector público non captura unha parte da riqueza, que non a xeran as corporacións locais, as corporacións locais xeran un mellor aproveitamento e uso dos recursos, pero a riqueza

póñena en valor os cidadáns, os empresarios, os traballadores, todos aqueles que realizan esforzo e que contribúe a que todos teñamos a oportunidade de dispor do gasto público, porque se non houbera quen pagara os tributos, certamente en mal mundo nos moveríamos.

En todo caso, eu sen entrar no debate que vostede nos formulaba, Sr. Lagares, dígolle, a redistribución a través da imposición é un concepto caduco porque antes falábase de que os sistemas tributarios debían de ser xustos, educativos e progresivos, e que ademais un sistema tributario cumpría esas finalidades cando a recadación pola tributación directa, a renda e as sociedades superaba e desviábase do que pasaba coa indirecta sobre o consumo, aquela que se facía ó tirón, e que entón isto era inxusto porque presentaba o que se chamaba degresividade oculta, é dicir, xa non era que é que foran regresivos, é que non, mesmo ocultaban sendo proporcionais a perda de progresividade que estaba implícita neles. Pois mire todo iso superouse afortunadamente, as democracias occidentais, no ámbito da OCDE compórtanse como a economía española, e é máis, non por gabarse de que España vai ben, pero é o que din os máis prestixiosos medios de comunicación económica do mundo, claro, e non pensen vostedes que o déficit é bo, tampouco o que dicía Echegaray, o santo temor ó déficit, é dicir, tampouco, pero en todo caso, o que si se produciu foi un replaneamento de cómo, a través da acción política, os cidadáns poden percibir que é factible reducir impostos porque a actividade económica mellora, e non falen vostedes de inflación e outros cousas diferentes, porque isto volta a ser a pescadiña que se morde a cola, a pescadiña que se morde a cola; poñan ó carón o emprego, poñan o emprego a carón, millóns de parados na sociedade española, 23 millóns de parados, ano, non quero acordarme; momento actual -si, si 23 millóns de parados, taxa de paro 23%, non, non, taxa de paro e millóns, millóns tamén, nestes momentos está ó redor dos 7-8 millóns, se son cifras reais, tanto da EPA como....., si, si-, entón se vostedes fan esas comparacións, e levo nestes momentos dez minutos falando, se vostedes fan esas comparacións, eu creo que a mensaxe que vostede pretende dar coa redistribución e con todo isto non lle chega a ninguén, porque a mellor maneira de redistribuír é xerando emprego, esa é a mellor política, xerar emprego, e cando nesta economía non había emprego, non había nada que distribuír nin redistribuír, houbo que facer bastantes cambios. E que a terceira e a cuarta non facer falta, de acordarse cando montabamos en bicicleta, se vostede deixa de pedalearse cae, seguro, o coche tamén non tira, pero en todo caso, a xestión deste equipo de goberno creo que é unha xestión exitosa, afirmo que é unha xestión responsable e coherente coas necesidades da provincia, non fago caso do da enquisa porque o da enquisa creo que ía máis en termos persoais, ou en termos partidarios, e eu ós termos partidarios non quixen referirme, simplemente fixen unha cativa excursión cara a eles, pero ben, podemos chegar a un encontro, buscar un punto de encontro que é máis doado. En todo caso creo que os políticos somos sempre partidarios, como non pode ser doutra maneira, e defendemos aquilo, e moito máis o que facemos, defendemos o que cremos, pero o que facemos defendémolo, e eu neste caso non o defendo coa vehemencia impropia de quen tivo esta responsabilidade, senón que o defendo tamén coa responsabilidade de que creo que isto é unha maneira moi adecuada de levar a cabo os obxectivos que nos

marcamos, e é unha maneira que permite á Deputación provincial ter un escenario de futuro moi positivo, cun saneamento financeiro importantísimo, cunha capacidade para facer accións moi notables, e cunha prioridade decidida. Vostede dicía que se encontraba cos toxos e coas silveiras, faltáballe un fotógrafo, de todos modos o fotógrafo teno, ¿sabe onde?, no orzamento, e pedíndolle os datos a Contratación. Creo que a estas alturas tódalas vías provinciais teñen contratada o que é o acondicionamento o que é a limpeza de foxos, o que é tal. É probable que pola que vostede pasou, por esas circunstancias da ida, do prazo de execución e de que tivemos ese verán tan favorable para respirar, choveu, humidades, que fixo que a natureza se desenvolvera de forma exuberante, casi de maneira tropical. Ben, eu podo dicir, non, isto non é literatura, isto trátase de recrear unha paisaxe que é froito dun pasado recente, e por tanto ten que padecer tamén o significado do que o deleitamos.

En todo caso, como vexo que non se trataba de convencellos, tratábase de respectalos, e ás veces, se é que son capaz, que vexo que non son moi capaz para isto que vostedes con esa responsabilidade que deron mostras, dixeron, aquí non hai outra cousa que o que falamos, e o que falamos é o que está no expediente, o que estaba na execución e o que se pode facer, porque tamén lles garanto que hai veces que as cousas, aínda querendo facelas non se poden facer, iso dixéronno o outro día, e de repente apareceu a licencia de obra, pero non estaba, alguén ten o monopolio de concesión da licencia de obra ¿quen sería?, non o sei.

Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda

Para que conste en acta, simplemente, unha resposta do grupo socialista a unha afirmación do Sr. Erias, non co afán de reabrir un debate no que non participei. O grupo socialista non vai intervir nos outros puntos, se me dá agora a palabra, interveño brevemente, senón pedirei a palabra en calquera outro punto.

Sr. presidente

Doulle a palabra, pero por favor non me abra debate, non me abra debate pois tería que lle dar a palabra ós demais grupos, e eu creo que este punto está suficientemente debatido. Por favor, brevemente, e sen abrir debate.

Sr. Fernández Moreda

Gracias, Sr. presidente. Eu mentres falaba o Sr. Erias estaba lendo aquí unha sentenza, e crin entender que dixera que a solidariedade era unha referencia e era unha característica do socialismo decimonónico, e eu como voceiro do grupo socialista quero que

conste en acta a resposta do grupo a esa afirmación, dicindo que a solidariedade é unha característica que diferencia ós partidos conservadores, ou ós partidos progresistas dos partidos conservadores. E para poder facer unha política de redistribución é necesario facer unha política fiscal impositiva, e non é certo, e volvo á solidariedade, que se baixaran os impostos en España, a presión fiscal incrementouse nos últimos anos, baixaron uns impostos e subiron outros, e por primeira vez na historia fiscal da democracia española, recádase máis por impostos indirectos que por impostos directos, e isto é unha forma de entender a solidariedade como algo trasnoitado que caracteriza ós partidos conservadores, pero que en ningún caso caracteriza a un partido como o Partido Socialista, sen ánimo de abrir debate, simplemente para facer esta puntualización.

Sr. presidente

Rógolles que sexan tan breves coma o Sr. Fernández Moreda.

Sr. Rodríguez Doval

É unha felicitación moi cordial ó Sr. Erias, non podo dicir por que, pero quero felicitalo, apetécame neste momento, estaba contendo unha especie de tal que me obrigaba a felicitalo. E despois outra cousa un pouco mái seria, era animar ó presidente a que por favor se moderen os debates e falemos do que temos que falar, eu non vou falar doutra cousa.

Sr. Erias Rey

Agradecendo a consideración do Sr. Rodríguez Doval e respectando o que el parece que nos indica. Aquí non se falou de ningunha cousa que non viñera ó fío do que estabamos falando, ou polo menos ese deambular nunca pretendeu tal fin. Se aquí se falou, foi o Sr. Lagares que falou de redistribución, eu téño apuntado aquí, de redistribución das economías, non sei que, entón, cando lle estaba dicindo iso, non acoute vostede o que lle estaba dicindo, non o acoute vostede. Tódolos partidos, porque os partidos non son entelequias, senón que son persoas que desenvolven e levan a cabo traballo cunhas ideas, teñen referentes de determinados valores, e eses valores, hai algúns anos, algúns pretendían apropiarllos como tales. Eu lamento que vostede continúe apropiándollos para un determinado sector, dá o mesmo, a propia práctica pon no seu sitio as cousas, e a propia práctica, o que eu intentaba ilustrarlle, mire os impostos cumpren a función redistributiva cando hai que redistribuír, senón, non cumpren ningunha función, cumpren outro tipo de papeis, serven, entre comiñas, ós caprichos do soberano, porque os gasta en débeda, e ós demais convérteos en solidarios co que el gasta; outros cren que esa solidariedade hai que facela desde a base de xerar oportunidades, riqueza e emprego, que é a mellor maneira de facelo, o cal non quere dicir que sexan incompatibles os termos, claro, pero desde a teoría da tributación de David Ricardo, pasando por todo o que temos no aspecto presente e en

futuro, e ata os que están contra o tamaño do sector público, pero non quero debater sobre isto porque ten razón o Sr. Doval, pero se isto vén a conto, vén a conto de que dentro do que é a actividade propia dunha Deputación provincial, e dentro da crítica formal que algúns fan á natureza e ó papel das propias deputacións, claro, porque cando vostede está falando, Sr. Doval, e comenta cousas que teñen que ver, se as deputacións viven de non sei que tipo de recursos, que lles veñen de non sei que tipo de Administracións, pois estamos falando destes asuntos, que son a base, esa base filosófica que tantas veces falaba.

(Sae o Sr. Poza Domínguez).

Eu non quero seguir por este terreo, porque non imos a ningunha parte, respecto o que o compañeiro socialista acaba de expoñernos, pero tamén lle quero matizar, simplemente, que é un valor compartido, afortunadamente, e que é propio das persoas, non propio dos partidos, eu síntome solidario con todo o ambiente que me rodea, e a partir de aí, dependendo do meu compromiso, desenvolvo aquilo que estimo, que pode ser matizado por quen corresponda.

Máis nada e moitas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 11 deputados (8 do PSOE e 3 do BNG)

Abstéñense: 3 deputados (PSOE - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no intre da votación - artigo 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a conta xeral da Excma. Deputación Provincial correspondente ó exercicio económico de 2001 unha vez que se deu cumprimento ós trámites establecidos no art. 193 da Lei 39/88 do 28 de decembro reguladora das facendas locais, sen que se presentaran reparos ou observacións a ela.

2º.-Renderlle ó Consello de Contas a dita conta, unha vez estea debidamente aprobada.”

4.- INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE SERRA DA BARBANZA.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Para anunciar a abstención do grupo provincial do BNG no que son todos estes informes sobre temas referidos a asociacións intermunicipais, no senso de que entendemos que a deputación se pode acoller á posibilidade de non emitir informe, por entender que isto ten que ser competencia da Dirección Xeral de Xustiza e Interior da Xunta.

Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (15 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a modificación dos Estatutos da "Mancomunidade de Serra da Barbanza (A Coruña)", integrada polos Concellos de Brión, Lousame, Muros, Noia E Porto do Son co obxecto de solicita-lo preceptivo informe desta Deputación, e tendo en conta o disposto nos artigos 149 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Emitir informe favorable sobre os Estatutos da "Mancomunidade de Concellos Serra da Barbanza (A Coruña)" integrada polos Concellos de Brión, Lousame, Muros, Noia e Porto do Son.”

(Entra o Sr. Poza Domínguez).

5.- APROBACIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 1/2002.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Vou agrupar a votación e a explicación do voto do grupo provincial do BNG dos puntos 5, 6 e 7, porque se refiren, aínda que sexan de distintas comisións e distintos plans provinciais, están emitidos no mesmo senso, a aprobación do Programa operativo local

adicional, a primeira relación de obras do Plan XXI de turismo da natureza e a aprobación da terceira relación de obras e subministracións e servizos do Plan XXI de pequenas obras, no senso, como vén sendo habitual no grupo provincial do BNG, que unha vez emitimos voto negativo, as bases que rexen estes plans, ímonos abster nos tres puntos, entendendo que, respectando a autonomía municipal, non queremos pronunciarnos.

En todo caso, si direi que no punto 6, o referido ó Servicio do Plan XXI de turismo de natureza, nosoutros pediríamos que se retiraran as dúas obras que existen na relación referidas ó Concello de Melide, posto que despois da celebración da Comisión Informativa de Ambiente tivemos coñecemento dunha denuncia feita polo grupo municipal do BNG do Concello de Melide, respecto destas dúas obras. Entendendo que está en cuestión a legalidade, tal como veñen aprobados polo Pleno municipal de Melide, das dúas obras referenciadas, e tendo en conta que, posiblemente, en moi pouco tempo vaise poder pasar a esta Corporación a segunda relación, pedimos a retirada das dúas obras referidas.

Sr. Varela Rey

Respecto ó que solicita o voceiro do Bloque, os acordos do Concello de Melide, nosoutros entendemos que debemos de respectalos, que non debemos cuestionar esa situación de legalidade, e sobre todo cando, da documentación que eu teño no meu poder, sinálase que hai, tal como explica o concelleiro do Bloque de Melide, di que un decreto da alcaldía remítelle o Plan XXI á deputación. Esta resolución da alcaldía foi ratificada polo Pleno da Corporación de Melide, e di máis, e di que este membro, este concelleiro do Bloque votou a favor deste acordo, non parece que teña moito senso que quen vota a favor dun acordo, logo veña a tratar de invalidar a postura aquí na propia Deputación provincial. Parece que se houbera algunha cuestión de ilegalidade, o lugar que debería ser no propio concello, e cando menos, non dar aprobación a esa proposta.

(Sae o Sr. Erias Rey).

Sra. Vázquez Veras

Para lle responder ó Sr. Varela, que efectivamente, nosoutros temos coñecemento de que o noso compañeiro aprobou as obras para a súa remisión e para a súa inclusión no Plan provincial pero tamén fixo a advertencia de ilegalidade en tal como estaban distribuídas as unidades de obra. Por tanto, entendendo que aí hai unha dúbida legal que, en todo caso, incluso, de facerse unha valoración máis detalladamente por parte dos servizos técnicos da deputación, pódese chegar ó mesmo acordo, cautelarmente, nosoutros entendíamos que compre a retirada destas dúas obras, destes dous proxectos da orde do día, para estudialo, e en todo caso, se non hai ningún tipo de problema, que volva ó vindeiro pleno corporativo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (14 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 do BNG; 1 do PP - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación - art. 74.1 do regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistas as baixas de licitación producidas en 15 obras anuais novas incluídas na anualidade 2002 do POL-2000-2006, que foi aprobado por acordo plenario de 22 de febreiro de 2002.

Vista a proposta de pospoñer á anualidade 2003 do POL a obra "Edificio multiusos e mercado 2-fase", do concello de Arzúa, código 02.2300.0068.0, cun orzamento de 591.305,94 € coa finalidade de coordinar esta fase da obra con fases anteriores dela, que se encontran actualmente en execución.

Visto o plan complementario aprobado conxuntamente co Plan base 2002 no mesmo acordo plenario de 22 de febreiro de 2002.

1.- Pospoñer á anualidade 2003 do POL a obra "Edificio multiusos e mercado 2-fase", do concello de Arzúa, código 02.2300.0068.0, cun orzamento de 591.305,94 € coa finalidade de coordinar esta fase da obra con fases anteriores que se encontran actualmente en execución, por isto, anúlase da anualidade 2002 e incluírase na anualidade 2003 cando se aprobe a dita anualidade.

2.- Aprobar o adicional nº 1 á anualidade 2002 do Programa operativo local 2000-2006, cofinanciado con fondos do Estado, Feder, Deputación e concellos, por aplicación dos remanentes producidos nas baixas de licitación de 15 das obras novas incluídas no POL base 2002, así como cos remanentes liberados pola anulación da obra á que se fixo referencia no apartado anterior e do que as cifras globais de financiamento, detalladas por axentes financiadores son as seguintes:

	ANUALIDADE 2002	ANUALIDADE 2003	TOTAL
ESTADO (MAP + FEDER MAP)	184.248,86	193.968,94	378.217,80
FEDER	933.221,95	980.851,19	1.914.073,14

DEPUTACIÓN	321.835,49	340.562,24	662.397,74
CONCELLO	75.752,95	79.756,97	155.509,92
TOTAL	1.515.059,25	1.595.139,31	3.110.198,60

A deputación financiará as cantidades que lle correspondan ós concellos.

O importe total de 1.515.059,25 € a que ascende a anualidade 2002 do POL adicional 1/2002, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial 2002.

3.- Aprobar os proxectos dos investimentos plurianuais 2002-2003 que se inclúen no Pol adicional 1/2002, e que a seguir se relacionan con detalle do seu financiamento.

Conc. e código	Denominación	Anualidade	Ozto.	FEDER		ACHEGAS NACIONAIS		
			Contrata	FEDER-MAP	FEDER-LOCAL	MAP	DEPUT.	CONC.
ABEGONDO 02.2301.0084.0	SANEAMENTO EN LIMIÑON	2.002	221.620,69	18.859,92	136.274,56	8.089,16	47.316,02	11.081,03
		2.003	233.334,69	19.856,78	143.477,50	8.516,72	49.816,96	11.666,73
			454.955,38	38.716,70	279.752,06	16.605,88	97.132,98	22.747,76
A BAÑA 02.2301.0085.0	REDE SAN. E PLUV. SAN VICENTE	2.002	197.068,18	16.770,50	121.177,22	7.192,99	42.074,06	9.853,41
		2.003	207.484,43	17.656,92	127.582,18	7.573,18	44.297,93	10.374,22
			404.552,61	34.427,42	248.759,40	14.766,17	86.371,99	20.227,63
ORDES 02.2301.0086.0	SAN. DOT. SERVICIOS R/PASCUAL VEIGA E O.	2.002	181.569,83	15.451,59	111.647,29	6.627,30	38.765,16	9.078,49
		2.003	191.166,91	16.268,30	117.548,53	6.977,59	40.814,14	9.558,35
			372.736,74	31.719,89	229.195,82	13.604,89	79.579,30	18.636,84
OUTES 02.2301.0087.0	AMPL. COLECTORES E SAN. INTEGRAL OUTES	2.002	248.438,08	21.142,08	152.764,58	9.067,99	53.041,53	12.421,90
		2.003	261.569,55	22.259,57	160.839,12	9.547,29	55.845,09	13.078,48
			510.007,63	43.401,65	313.603,70	18.615,28	108.886,62	25.500,38

PADRON 02.2301.0088.0	OBR. COMPL. ENCLAVE FEIRAL PEMENTOS PADRON	2.002	60.825,97	5.176,29	37.401,89	2.220,15	12.986,34	3.041,30
		2.003	64.041,00	5.449,89	39.378,81	2.337,50	13.672,75	3.202,05
			124.866,97	10.626,18	76.780,70	4.557,65	26.659,09	6.243,35
O PINO 02.2301.0089.0	DOT. ABAST. AUGA O PINO (SECTOR I)	2.002	270.063,07	22.982,37	166.061,78	9.857,30	57.658,47	13.503,15
		2.003	284.337,55	24.197,13	174.839,16	10.378,32	60.706,06	14.216,88
			554.400,62	47.179,50	340.900,94	20.235,62	118.364,53	27.720,03
VIMIANZO 02.2301.0090.0	TRASVASE E DEP. EN BAIÑAS E DISTRIB. OUTROS	2.002	335.473,43	26.936,77	207.894,63	13.874,45	69.993,91	16.773,67
		2.003	353.205,22	30.057,76	217.185,89	12.891,99	75.409,32	17.660,26
			688.678,65	56.994,53	425.080,52	26.766,44	145.403,23	34.433,93

2.002	1.515.059,25	127.319,52	933.221,95	56.929,34	321.835,49	75.752,95
2.003	1.595.139,35	135.746,35	980.851,19	58.222,59	340.562,25	79.756,97
TOTAL	3.110.198,60	263.065,87	1.914.073,14	115.151,93	662.397,74	155.509,92

4.- En uso das facultades conferidas ó Pleno da corporación no artigo 155.5 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, modificar expresamente as porcentaxes anuais fixadas no citado artigo, de forma que o financiamento de cada anualidade sexa o indicado no apartado anterior.

5.- A deputación comprométese a incluír no orzamento de 2003 as cantidades necesarias para financiar as correspondentes anualidades das obras plurianuais, así como a suplir con fondos propios se fora necesario, as achegas do resto das administracións cofinanciadoras.

6.- As baixas que se produzan na adxudicación das obras plurianuais citadas anticiparán o financiamento das mesmas, aplicándose polo seu importe total na minoración da última ou, se é o caso, últimas anualidades previstas

7.- Dispor a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

8.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artg. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

9.- Remitir o expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

10.- Remitir o expediente para informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

11.- Unha vez transcorrido o prazo de 10 días de información e exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o Programa Operativo Local adicional 1/2002”.

6.- APROBAR A 1ª RELACIÓN DE OBRAS, SUBMINISTRACIÓNS E SERVICIOS DO PLAN XXI DE TURISMO DA NATUREZA NA PROVINCIA DA CORUÑA, ANUALIDADE 2002.

Procédese a votar a proposta do BNG de retirar as obras do Concello de Melide:

VOTACIÓN

Votan a favor: 3 deputados (BNG)
Votan en contra: 14 deputados (PP)
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

Decae a petición e procédese a votar o acordo:

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (14 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Examinados os informes emitidos pola Sección de Promoción Económica e Intervención Provincial,

1.-.- Aproba-la primeira relación de obras, subministracións e servicios do Plan XXI para o fomento do turismo da natureza na provincia da Coruña, anualidade 2002. As obras, subministracións e servicios desta primeira relación, que se han contratar en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

2.-O financiamento das obras, subministracións e servicios incorporados nesta primeira relación do plan quedará establecido nos termos que figuran na presente proposta:

Os importes totais que se han conceder son: Presuposto total 4.218.790,74 euros, dos cales a Deputación financiará 3.989.202,56 euros con cargo a partida presupostaria 0305/751.A/762.99 e 229.588,18 euros que serán financiados polos concellos integrados nesta primeira relación de investimentos e subministracións, segundo a relación que a continuación se detalla:

Código	Concello	Obra	Achega Concello	Dep. F.Prop.	Dep. F.Prést.	Total
02.4300.0001.0	A CAPELA	SUBMINISTRACIÓN DE TRACTOR CISTERNA		14.861,31	21.052,93	35.914,24
02.4300.0002.0	A LARACHA	PAVIMENTACIÓN BEIRARRÚAS NA PRAZA DE EDUARDO VILA FANO EN CAIÓN		17.267,5	24.461,59	41.729,09
02.4300.0003.0	A LARACHA	MELLORA ARREDORES E ACCESOS Ó IGREXARIO D COIRO 2ª FASE		13.385,36	18.962,06	32.347,42
02.4300.0004.0	A LARACHA	MELLORA DOS ARREDORES E ACCESOS Ó IGREXARIO DE CABOVILAÑO 1ª FASE	8.791,59	7.831,41	11.094,19	27.717,19
02.4300.0005.0	AMES	MELLORA DE ACCESO Ó NÚCLEO HISTÓRICO DE COSTOIA	2.692,13	18.708,05	26.502,32	47.902,5
02.4300.0006.0	ARTEIXO	MELLORA NAS INFRAESTRUCTURAS DAS PRAIAS DO CONCELLO DE ARTEIXO.		5.814,79	8.237,39	14.052,18

02.4300.0007.0	ARTEIXO	ACCESO Á PRAIA DE COMBOUZAS, BARRAÑÁN		15.675,7	22.206,62	37.882,32
02.4300.0008.0	ARTEIXO	ACCESO PEONIL Ó PASEC DOS ARREDORES DA PRESA DE MEICENDE		18.726,18	26.528,01	45.254,19
02.4300.0009.0	BERGONDO	SENDA PEONIL E REVEXETACIÓN DA MARXADA DA ESTRADA MIODELO-PEDRIDO		12.436,49	17.617,85	30.054,34
02.4300.0010.0	BERGONDO	AXARDINAMENTO REVEXETACIÓN DOS ARREDORES DO LAVADOIRO DE MIODELO		6.476,38	9.174,6	15.650,98
02.4300.0011.0	BERGONDO	AXARDINAMENTO DA PRAZA EN MIODELO NA ESTRADA AC-161		3.467,46	4.912,09	8.379,55
02.4300.0012.0	BETANZOS	EMBARCACIÓN TURÍSTICA DE PASAXEIROS	118.909,69	34.457,2	48.812,99	202.179,88
02.4300.0013.0	BOIMORTO	AREA RECREATIVA EN CORREDOIRAS 2ª FASE (ANXELES)		21.839,95	30.939,06	52.779,01
02.4300.0014.0	BOIRO	ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS EN ESCARABOTE, SAN RAMÓN E BARRAÑA	7.324,81	36.378	51.534,03	95.236,84
02.4300.0015.0	BOQUEIXÓN	MELLORA DE ACCESOS ÁREA DE OCIO EN FORTE		11.825,76	16.752,69	28.578,45
02.4300.0016.0	BOQUEIXÓN	MELLORA DE ACCESOS ÁREA RECREATIVA E CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE MUIÑOS (GASTRAR)		15.416,95	21.840,07	37.257,02
02.4300.0017.0	BRIÓN	ACONDICIONAMENTO DA MARXE DO RIO PEGO (2ª FASE)		17.110,96	24.239,84	41.350,8
02.4300.0018.0	BRIÓN	ACONDICIONAMENTO DE PARCELA PARA USO RECREATIVO		4.391,91	6.221,69	10.613,6
02.4300.0019.0	CABANA DE BERGANTIÑOS	ACONDICIONAMENTO DOS ARREDORES DA FONTE DE STA MARGARIDA EN SILVARREDONDA E MELLORA DOS ACCESOS Á CARBALLEIRA DE STA MARIÑA EN CORCOESTO E PRAIA DE URIXE		12.436,38	17.617,71	30.054,09
02.4300.0020.0	CABANA DE BERGANTIÑOS	ACONDICIONAMENTO E POSTA EN VALOR DA SENDA QUE PERCORRE O REGO DOS MUIÑOS EN CANDUAS		11.772,37	16.677,06	28.449,43

02.4300.0021.0	CABANA DE BERGANTIÑOS	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMIENTO URBANO PARA ÁREAS DE OCIO DO CONCELLO		1.584,03	2.243,97	3.828
02.4300.0022.0	CABANAS	AREAS RECREATIVAS EN: IRIS, PEDRA DO COUTO, LARAXE E STA CRUZ		21.211,41	30.048,65	51.260,06
02.4300.0023.0	CAMARIÑAS	ACONDIC. ÁREA RECREATIVA EN PONTE D PORTO		5.040,22	7.140,12	12.180,34
02.4300.0024.0	CAMARIÑAS	RESTAURACIÓN PARQUE INFANTIL EN PONTE DO PORTO		8.194,67	11.608,79	19.803,46
02.4300.0025.0	CAMARIÑAS	CONSTRUCCIÓN PARQUE INFANTIL EN CAMARIÑAS		17.062,67	24.171,43	41.234,1
02.4300.0026.0	CAMARIÑAS	SUBMINISTRACIÓN MOBILIARIO URBANO		7.695,67	10.901,88	18.597,55
02.4300.0027.0	CAMBRE	SINALIZACIÓN VERTICAL NO TERMO MUNICIPAL DE CAMBRE	430,13	18.812,44	26.650,19	45.892,76
02.4300.0028.0	CARBALLO	SINALIZACIÓN EN CARBALLO 1ª FASE		24.710,95	35.006,19	59.717,14
02.4300.0029.0	CARBALLO	ADQUISICIÓN DUN TRACTOR AGRÍCOLA	247,67	26.215,19	37.137,14	63.600
02.4300.0030.0	CARIÑO	ACONDICIONAMENTO DA RUA LANDÍN CARRASCO 2ª FASE		23.889,61	33.842,65	57.732,26
02.4300.0031.0	CARIÑO	REPARACIÓN DE PARQUE INFANTIS		4.871,49	6.901,09	11.772,58
02.4300.0032.0	CARIÑO	EDICIÓN DE FOLLETOS TURÍSTICOS		5.793,2	8.206,8	14.000
02.4300.0033.0	CEDEIRA	EXPLANACIÓN E VIAIS DA ÁREA RECREATIVA DO TOXO		18.228,01	25.822,29	44.050,3
02.4300.0034.0	CEDEIRA	DOTACIÓN DE SERVICIOS Á ÁREA RECREATIVA DO TOXO		17.097,36	24.220,56	41.317,92
02.4300.0035.0	CEE	REALIZACIÓN VÍDEO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA		3.227,64	4.572,36	7.800
02.4300.0036.0	CEE	REFORMA DA PRAZA DE CASTELAO		9.563,43	13.547,81	23.111,24
02.4300.0037.0	CEE	SINALIZACIÓN PARA O CONCELLO DE CEE		3.306,38	4.683,9	7.990,28
02.4300.0038.0	CEE	ACONDICIONAMENTO DO RÍO NA AMEIXENDA		13.556,84	19.204,97	32.761,81
02.4300.0039.0	CEE	QUIOSCO DE INFORMACIÓN E TURISMO	7.393,05	3.147,26	4.458,49	14.998,8
02.4300.0040.0	CERCEDA	ADECUACIÓN DE ACCESOS Ó XARDÍN BOTÁNICO		7.760,46	10.993,68	18.754,14

02.4300.0041.0	CERCEDA	PROXECTO DE CREACIÓN DE ZONA DE XOGO DE PRÁCTICAS DE GOLF NO PARQUE DE ACEBEDO.		3.426,08	4.853,48	8.279,56
02.4300.0042.0	CERCEDA	ADQUISICIÓN CASETA PREFABRICADA		2.867,57	4.062,27	6.929,84
02.4300.0043.0	CERCEDA	VÍDEO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA		1.920,03	2.719,97	4.640
02.4300.0044.0	CERCEDA	RUTAS DE SENDEIRISMO		1.393,36	1.973,88	3.367,24
02.4300.0045.0	CESURAS	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA MANTEMENTO DE ÁREAS DE OCIO EN CESURAS		727,4	1.030,45	1.757,85
02.4300.0046.0	CESURAS	MELLORA DE ACCESOS A LUGARES DE INTERESE XERAL E ÁREAS DE OCIO EN CESURAS		12.428,24	17.606,18	30.034,42
02.4300.0047.0	CESURAS	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA LOCAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS EN CESURAS		3.216,96	4.557,24	7.774,2
02.4300.0048.0	COIRÓS	MELLORA DE ÁREA DE OCIO E ESPARCIMIENTO D ESPENUCA	0,01	11.356,11	16.087,36	27.443,48
02.4300.0049.0	CORCUBIÓN	AXARDINAMENTO PRAZA DE CASTELAO		4.275,87	6.057,32	10.333,19
02.4300.0050.0	CORCUBIÓN	ACONDICIONAMENTO ACCESO PRAIA DA VIÑA		4.389,46	6.218,22	10.607,68
02.4300.0051.0	CORCUBIÓN	ELABORACIÓN DUN TRÍPTICO DE CARÁCTER TURÍSTICO DO CONCELLO DE CORCUBIÓN		1.063,33	1.506,34	2.569,67
02.4300.0052.0	CORISTANCO	ACONDICIONAMENTO DE PARQUES E PRAZAS EN VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO		26.606,47	37.691,43	64.297,9
02.4300.0053.0	CULLEREDO	ACONDICIONAMENTO DOS ARREDOERS DA ERMIDA DE SAN COSME	29.633,86	21.665,19	30.691,49	81.990,54
02.4300.0054.0	CURTIS	ADECUACIÓN DE ÁREA DE OCIO DE FOXADO		5.080,46	7.197,12	12.277,58
02.4300.0055.0	CURTIS	ADECUACIÓN DE ÁREA DE OCIO DE TEIXEIRO		1.486,29	2.105,51	3.591,8
02.4300.0056.0	CURTIS	ADECUACIÓN DE ÁREA DE OCIO DE SANTAIA		8.977,87	12.718,29	21.696,16
02.4300.0057.0	DUMBRÍA	REMATE DE CONSTRUCCIÓN DE ÁREA DE OCIO EN BERDEOGAS		19.697,08	27.903,4	47.600,48

02.4300.0058.0	FENE	OBRAS DE MANTEMENTO DE MELLORA DE PARQUES E INFANTIS EN FENE ANO 2002		14.893,24	21.098,16	35.991,4
02.4300.0059.0	FENE	EDICCIÓN DE GUÍA E FOLLETO DE PROMOCIÓN DO TURISMO DE NATUREZA NO CONCELLO DE FENE ANO 2002		2.486,94	3.523,06	6.010
02.4300.0060.0	FISTERRA	PAVIMENTACIÓN TRAVESÍA DE S. SALVADOR EN TREITO RUTA CAMIÑO XACOBEO DE FISTERRA		24.030,79	34.042,64	58.073,43
02.4300.0061.0	FISTERRA	ACONDICIONAMENTO PARTE DE CAMPO E CONSTRUCCIÓN DE ASEO EN RECINTO PECHADO FRONTE IGREXA PARROQUIAL DE FISTERRA		3.227,44	4.572,08	7.799,52
02.4300.0062.0	FISTERRA	REFORMA ALUMEAMENTO PÚBLICO PASEO MARÍTIMO DE SARDIÑEIRO		2.878,89	4.078,32	6.957,21
02.4300.0063.0	FISTERRA	PAVIMENTACIÓN APARCAMENTO FARO DE FISTERRA		2.273,71	3.221	5.494,71
02.4300.0064.0	FISTERRA	ADQUISICIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS (SERV. SANITARIOS) PRAIAS DE LANGOSTEIRA, S. ROQUE E FARO.	1.447,89	2.220,43	3.145,52	6.813,84
02.4300.0065.0	FRADES	RECUPERACION MEDIO AMBIENTAL DE RECUPERACIÓN DOS MUÍÑOS		11.502,62	16.294,91	27.797,53
02.4300.0066.0	FRADES	RUTA DE SENDEIRISMO 2ª FASE		5.114,46	7.245,28	12.359,74
02.4300.0067.0	LAXE	RESTAURACIÓN PAISAXÍSTICA EN APRAZADUIRO		24.094,73	34.133,24	58.227,97
02.4300.0068.0	LOUSAME	ADQUISICIÓN DO TERREO EDIFICIO DA EXTINTA ESTACIÓN DECCA	7.242,06	17.887,34	25.339,67	50.469,07
02.4300.0069.0	MALPICA DE BERGANTIÑOS	SINALIZACIÓN DE RUTAS E PRAIAS		10.103,12	14.312,34	24.415,46
02.4300.0070.0	MALPICA DE BERGANTIÑOS	ADQUISICIÓN DE TRACTOR-ROZADOIRA		19.895,92	28.185,08	48.081
02.4300.0071.0	MALPICA DE BERGANTIÑOS	PRAZA DO CRUCEIRO		7.753,9	10.984,38	18.738,28

02.4300.0072.0	MAZARICOS	SUBMINISTRACIÓN DE PLACAS DE SINALIZACIÓN PARA PROMOCIÓN LUGARES, PATRIMONIO 2ª FASE		9.657,67	13.681,3	23.338,97
02.4300.0073.0	MAZARICOS	SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO MONOVOLUME PARA A PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL E PROM.CULTURAL		7.709,09	10.920,91	18.630
02.4300.0074.0	MAZARICOS	MELLORA DE INFRAESTRUCTURA ELÉCTRICA NO CLUBE DE REMO E PIRAGÜISMO DE FIEIRO		7.097,53	10.054,55	17.152,08
02.4300.0075.0	MAZARICOS	MELLORAS EN INFRAESTRUCTURAS NA ÁREA DE OCIO DO MONTE SINO E ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS		6.551,63	9.281,22	15.832,85
02.4300.0076.0	MELIDE	INSTALACIÓN DE XOGOS INFANTÍS E ADECUACIÓN DE ÁREA RECREATIVA		14.414,14	20.419,45	34.833,59
02.4300.0077.0	MELIDE	AMPLIACIÓN DE ÁREA RECREATIVA DESTINADA A PISCINA		24.808,21	35.143,97	59.952,18
02.4300.0078.0	MOECHE	RECUPERACIÓN CARBALLEIRA DE SAN RAMON DE MOECHE.- PLANTACIÓN CÉSPEDE		7.140,88	10.115,96	17.256,84
02.4300.0079.0	MOECHE	RECUPERACIÓN CARBALLEIRA DE SAN RAMÓN DE MOECHE- COLOCACIÓN MOBILIARIO		12.362,63	17.513,23	29.875,86
02.4300.0080.0	MONFERO	ÁREA RECREATIVA DE LAGARES		14.165,4	20.067,09	34.232,49
02.4300.0081.0	MONFERO	ÁREA RECREATIVA DE ALTO XESTOSO		14.183,09	20.092,14	34.275,23
02.4300.0082.0	MUROS	ITINERARIO COSTEIRO DE MUROS A LOURO 2ª FASE		39.164,09	55.480,89	94.644,98
02.4300.0083.0	MUXÍA	50 DISPOSITIVOS SUXEITACOLECTORES		3.481,5	4.931,98	8.413,48
02.4300.0084.0	MUXÍA	CATRO DUCHAS		2.192,52	3.105,99	5.298,51
02.4300.0085.0	MUXÍA	VÍDEO TURÍSTICO		3.227,64	4.572,36	7.800
02.4300.0086.0	MUXÍA	ACONDICIONAMENTO ACCESO PRAIA AREA MAIOR		13.022,92	18.448,61	31.471,53
02.4300.0087.0	MUXÍA	ALUMEAMENTO PÚBLICO PASEO DO PEL, A BARCA E CORPIÑO		22.811,23	32.314,99	55.126,22

02.4300.0088.0	NARÓN	CREACIÓN DA ZONA DE ACAMPADA DE TURISMO NATURAL, 2ª FASE		36.084,32	51.118,01	87.202,33
02.4300.0089.0	NEDA	MELLORA DA RIBEIRA DO RIO BELELLE EN STA. MARÍA		17.223,76	24.399,63	41.623,39
02.4300.0090.0	O PINO	ACONDICIONAMENTO ÁREA RECREATIVA MAGDALENA	1.214,5	8.556,25	12.121,01	21.891,76
02.4300.0091.0	O PINO	AREA RECREATIVA EN PONTE DA PEDRA 2ª FASE		13.480,55	19.096,91	32.577,46
02.4300.0092.0	OLEIROS	PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS MUNICIPAIS DE ACCESO Á PRAIA E ÁREA DE OCIO DE SANTA CRISTINA		25.420,57	36.011,45	61.432,02
02.4300.0093.0	OLEIROS	CONSOLIDACIÓN DAS RUÍNAS DO EDIFICIO EXISTENTE NO PARQUE D CAPELA EN MONTROVE		17.475,88	24.756,79	42.232,67
02.4300.0094.0	OROSO	ACONDICIONAMENTO DA ANTIGUA CASA CONSISTORIAL DE OROSC	2.743,39	6.602,69	9.353,54	18.699,62
02.4300.0095	OROSO	PALCO DE MÚSICA SITUADO EN IGREXA. PARROQUIA DE SENRA	2.743,4	9.753,85	13.817,55	26.314,8
02.4300.0096.0	ORTIGUEIRA	ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO NATURAL DE AS FURNAS		38.015,81	53.854,19	91.870
02.4300.0097.0	ORTIGUEIRA	ACONDICIONAMENTO E REXENERACIÓN DO PORT DE LADRIDO		15.599,11	22.098,11	37.697,22
02.4300.0098.0	ORTIGUEIRA	SUBMINISTRACIÓN DE PANEIS INFORMATIVOS		8.971,35	12.709,05	21.680,4
02.4300.0099.0	OZA DOS RÍOS	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS PARA AS PARADAS DE BUS C-540, PARROQUIA REGUEIRA		6.377,52	9.034,56	15.412,08
02.4300.0100.0	OZA DOS RÍOS	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS PARA AS PARADAS DE BUS C-540, PARROQUIAS DE PORZOMILLOS E OZA		6.377,52	9.034,56	15.412,08
02.4300.0101.0	OZA DOS RÍOS	SUBMINISTRACIÓN DE SINAIS PARA AS PARROQUIAS DO TERMO MUNICIPAL		4.310,28	6.106,05	10.416,33
02.4300.0102.0	PADERNE	1ª FASE DE ACONDICIONAMENTO PRAZA DE SANTA MARÍA DE SOUTO		20.015,58	28.354,61	48.370,19

02.4300.0103.0	PONTECESO	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO CONTORNO DA PRAZA RIBEIRA DE CORME PORTO		15.861,54	22.469,87	38.331,41
02.4300.0104.0	PONTECESO	MELLORA DO PAVIMENTO DO PASEO MARÍTIMO DE CORME PORTO		24.730,01	35.033,18	59.763,19
02.4300.0105.0	PONTEDEUME	MELLORA DE INSTALACIÓN DE BOMBEO NO RÍO COBÉS		3.876,06	5.490,94	9.367
02.4300.0106.0	PONTEDEUME	ADQUISICIÓN MOBILIARIO PARA PARQUES INFANTÍS		17.107,49	24.234,91	41.342,4
02.4300.0107.0	PONTEDEUME	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA DE XARDINERIA PARA COIDADADO DE ESPACIOS VERDES E XARDÍNS		7.425,72	10.519,48	17.945,2
02.4300.0108.0	PONTEDEUME	SINALIZACIÓN DE PRAIAS, MONUMENTOS DE INTERESE TURÍSTICO E RUTAS TURÍSTICAS		3.124,85	4.426,75	7.551,6
02.4300.0109.0	PONTEDEUME	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PAVIMENTO DE PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME	508,91	1.229,44	1.741,65	3.480
02.4300.0110.0	RIANXO	MELLORA DOS ACCESOS Ó MIRADOR DO CASTRO BARBUDO		32.886,05	46.587,25	79.473,3
02.4300.0111.0	RIVEIRA	PARQUE PÚBLICO NA CORNA (PALMEIRA)		32.952,67	46.681,61	79.634,28
02.4300.0112.0	RIVEIRA	MELLORAS E REPARACIÓNS NO PASEO MARÍTIMO DE COROSO (RIVEIRA)		24.668,46	34.946	59.614,46
02.4300.0113.0	ROIS	CONSTRUCCIÓN PARQUE INFANTIL EN SISTO		17.312,73	24.525,67	41.838,4
02.4300.0114.0	SANTA COMBA	COLOCACIÓN ALUMEAMENTO PÚBLICO ARTÍSTICO NA AVDA. DE SANTIAGO		19.811,09	28.064,92	47.876,01
02.4300.0115.0	SANTA COMBA	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DUN CONTORNO NATURAL NA PEREIRA		7.414,3	10.503,29	17.917,59
02.4300.0116.0	SANTA COMBA	SUBMINISTRACIÓN DE COLECTORES DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS		7.277,07	10.308,9	17.585,97
02.4300.0117.0	SOMOZAS	DESEÑO, FABRICACIÓN E SUBMINISTRACIÓN DE CUBERTA MÓBIL PARA UN ESCENARIO	38.261,42	15.756,75	22.321,43	76.339,6

02.4300.0118.0	TOQUES	SIÑALIZACIÓN TURÍSTICA EN VILLAMOR E OUTROS, 2ª FASE		10.018,13	14.191,94	24.210,07
02.4300.0119.0	TOQUES	SIÑALIZACIÓN TURÍSTICA EN BRAÑAS E OUTROS, 2ª FASE		10.855,79	15.378,6	26.234,39
02.4300.0120.0	TOURO	CONSTRUCCIÓN CAMPO DA FESTA EN FAO E OUTROS		12.015,42	17.021,36	29.036,78
02.4300.0121.0	TOURO	ACONDICIONAMENTO ÁREA RECREATIVA DE FOXÁS		9.407,72	13.327,22	22.734,94
02.4300.0122.0	TOURO	ACONDICIONAMENTO ACCESO Ó NÚCLEO RURAL DE OBRA		10.204,94	14.456,58	24.661,52
02.4300.0123.0	VAL DO DUBRA	ÁREA RECREATIVA EN ERVIÑO		12.267,52	17.378,49	29.646,01
02.4300.0124.0	VAL DO DUBRA	SUBMINISTRACIÓN PARA A CONSERVACIÓN E REVALORIZACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS	3,67	4.628,62	6.557,02	11.189,31
02.4300.0125.0	VILARMAIOR	ACONDICIONAMENTO PARQUE DÍA TRES		9.634,04	13.647,84	23.281,88
02.4300.0126.0	VILASANTAR	ADECUACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO, 2ª FASE		10.484,82	14.853,07	25.337,89
02.4300.0127.0	VILASANTAR	ADQUISICIÓN CARPA MUNICIPAL		11.632,24	16.478,53	28.110,77
02.4300.0128.0	VIMIANZO	ÁREA DE OCIO EN SEÑORANS		20.060,14	28.417,73	48.477,87
02.4300.0129.0	VIMIANZO	ÁREA DE OCIO EN CASTRELO		12.134,14	17.189,55	29.323,69
02.4300.0130.0	VIMIANZO	PAVIMENTACIÓN E AXARDINAMENTO EN TRAS DO MUIÑO		5.004,65	7.089,71	12.094,36
02.4300.0131.0	ZAS	ACONDICIONAMENTO ÁREA RECREATIVA DE GÁNDARA		24.504,03	34.713,05	59.217,08
TOTAIS			229.588,18	1.650.731,98	2.338.470,58	4.218.790,74

O importe correspondente a partida 0305/751.A/462.00, financiará os servicios solicitados ascendendo a un total de 6.100,00 euros financiados integramente pola deputación, segundo o seguinte detalle:

Código	Concello	Obra	Achega Concello	Dep. F.Prop.	Dep. F.Prést.	Total
--------	----------	------	-----------------	--------------	---------------	-------

02.4300.0500. 0	CORCUBIÓN	ALUGUER DE 50 PEQUENASCARPAS E CASETAS PARA A FEIRA MEDIEVAL DE CORCUBIÓN		6.100		6.100
TOTAIS				6.100		6.100

Os importes totais detállanse no seguinte cadro:

Programa	Oztos.	Achega Deputación	Achega Concello
Obras /subministracións	4.218.790,74	3.989.202,56	229.588,18
Servicios	6.100,00	6.100,00	

3.- A contratación das obras subministracións e servicios, de acordo co establecido nas bases da convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos con arreglo ós seguintes criterios:

"1.- As obras contrataranas os respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación. O Concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracions públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, adxuntándoo ao prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarásese o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello con arreglo ó establecido na Lei de contratos das Administracions públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberán remitirle á Deputación:

1º.- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
- Se a adxudicación se realizamediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".
- No caso de concurso ademais da "Acta de apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepción:

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizara o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da Deputación á ela, se así considerase oportuno

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable".

4.- Dispor a exposición pública da primeira relación de obras, subministracións e servicios do plan, anualidade 2002 aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP para efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

5.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

6.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde a xestión e execución do presente acordo".

7.- APROBAR A 3ª RELACIÓN DE OBRAS, SUBMINISTRACIONES E SERVICIOS DO PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIONES DA PROVINCIA DA CORUÑA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (14 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a terceira relación de investimentos do Plan XXI de pequenas obras e subministracións para investimentos en infraestructuras municipais na provincia da Coruña. Os investimentos contidos nesta terceira relación e o detalle das obras e subministracións que se han contratar en cada concello quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

TERCEIRA RELACIÓN DO PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIONES

código	concello/denominación	orçamento total	
01.4200.0095.0	CULLEREDO CONSTRUCCIÓN DA CANALIZACIÓN DE AUGAS PLUVIAIS NA RÚA PELAMIOS, TRAMO 1.	Concello	11.998,39
		Dep. fondos propios	6.988,57
		Dep. préstamo	11.041,79
		Total	30.028,75
01.4200.0096.0	PONTEDEUME DOTACIÓN SERVICIOS URBANÍSTICOS CAMIÑO NO LUGAR DE BER-BOEBRE	Concello	12.014,23
		Dep. fondos propios	6.988,57
		Dep. préstamo	11.041,79
		Total	30.044,59
01.4200.0097.0	SADA EQUIPAMENTO DE RETROEXCAVADORA PARA “DUMPER” AUTOCARGABLE DESTINADO Ó MANTENIM. DO CONCELLO	Concello	1.813,92
		Dep. fondos propios	2.539,62
		Dep. préstamo	4.012,55
		Total	8.366,09
01.4200.0098.0	SADA ACONDICIONAMENTO DO ATRIO DA CAPELA DE ESPÍRITU SANTO, SOÑEIRO	Concello	
		Dep. fondos propios	2.483,4
		Dep. préstamo	3.923,73

	Total	6.407,13
01.4200.0099.0 SADA	Concello	
INSTALACIÓN TUBERÍA DE PLUVIAIS	Dep. fondos propios	1.965,54
NA PEDREIRA, CARNOEDO	Dep. préstamo	3.105,52
	Total	5.071,06
01.4200.0100.0 TEO	Concello	
PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE	Dep. fondos propios	6.988,56
MARQUESIÑAS EN TEO 2001	Dep. préstamo	11.041,77
	Total	18.030,33
01.4200.0101.0 TOQUES	Concello	597,7
CONSTRUCCIÓN DE LOCAL PARA	Dep. fondos propios	4.255,52
ARQUIVO EN CASA CONSISTORIAL	Dep. préstamo	6.723,63
	Otros	18.030,36
	Total	29.607,21
01.4200.0102.0 TOQUES	Concello	
ADQUISICIÓN DE BANCOS	Dep. fondos propios	2.733,05
	Dep. préstamo	4.318,17
	Total	7.051,22
01.4200.0103.0 ROIS	Concello	15.030,68
ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO	Dep. fondos propios	6.988,57
PARA USOS CULTURALS	Dep. préstamo	11.041,79
	Total	33.061,04
RESUMO	Concello	41.454,92
	Dep. fondos propios	41.931,4
	Dep. préstamo	66.250,74
	Otros	18.030,36
	Total	167.667,42

2.-A contratación das obras e subministracións, de acordo co establecido nas bases de convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

"1.- As obras contrataranas os respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación. O Concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente,

as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, adxuntándoo ao prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarásese o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello con arreglo ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varién o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberán remitirle á Deputación:

1º.- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
- Se a adxudicación se realizamediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".
- No caso de concurso ademais da "Acta de apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepción:

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizára o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da Deputación á ela, se así considerase oportuno

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable".

3.-A achega provincial ás obras incorporadas nesta relación, que ascende a un total de 108.182,14.- euros, será imputada á Partida presupostaria 0305/519.Z/762.99. A achega municipal a esta terceira relación do plan ascende a un total de 41.454,92.- euros, a achega da Xunta de Galicia ascende a 18.030,36.- euros, o que acumulado á achega da Deputación supón un total de 167.667,42 euros.

4.-Dispoñer a exposición pública da terceira relación de obras e subministracións do plan, aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP, para efectos de que poidan presentarse alegacións entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presnetarse ningunha.

5.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

6.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. presidente

Hai unha pregunta, entendo, do Sr. Rodríguez Doval por esta mesma cuestión, a cuestión das obras do Concello de Melide, se quere, ou prefire que lle conteste por escrito, como queira vostede.

Sr. Rodríguez Doval

Nosoutros, en concreto, dado que é un tema que se encontra xa tramitado a través da propia administración da deputación, primeiro coa iniciativa que se presentou por un dos

nosos representantes no Concello de Melide, e despois polo noso propio grupo, nosoutros o que queremos é que se poñan datos encima da mesa, porque é un tema suficientemente complexo, tampouco se trata aquí de discutir del, pero como non sabemos que se poidan estar arbitrando determinado tipo de iniciativas por parte da deputación, nosoutros queremos que se nos conteste por escrito, e desde logo que se nos facilite toda a documentación referida a posibles informes que se poidan estar emitindo nesta casa respecto a esta cuestión, na cal aclaro que, se nosoutros entendemos que pode ter algo que dicir a deputación é porque, como se sabe aquí, trátase de dous plans que, aínda que adxudicou o concello de Melide, son dous plans que pertence a competencia á Deputación da Coruña, que está transferida a contratación deses plans pero que iso non quere dicir que aquí non haxa que facer a fiscalización e o seguimento conforme á legalidade. Polo tanto, apelamos a que se nos transmita esa documentación por escrito, e neste senso, a poder ser, que sexa canto antes, claro.

(Entra o Sr. Erias Rey).

Sr. presidente

Por suposto, hoxe mesmo se lle dará porque está esa listaxe aquí para lle enviar con todo o informe da Asesoría Xurídica á parte acompañando documentación, pero de todas formas pódolle anticipar a conclusión, que di ben claro que a Deputación Provincial da Coruña non se encontra lexitimada para instar do Concello de Melide a anulación das adxudicacións dos contratos efectuados por dito concello, con motivo das obras contidas nos plans provinciais, nin tampouco para instar ningún procedemento de reposición da legalidade, como é a súa petición. Todo isto sen prexuízo de que se poida requirirle ó Concello de Melide para que informe e achegue á deputación os antecedentes relativos ás contratacións efectuadas. De todas formas, remitiráselle todo por escrito e coa documentación oportuna.

Outra pregunta que teño é tamén súa, Sr. Rodríguez Doval, sobre o Plan sectorial de rede viaria das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Sr. Rodríguez Doval

Nosoutros se hai documentación que poida completar e que poida abrir luz sobre a pregunta que facemos aí, agradeceríamos que se nos dera esa documentación, tampouco temos nada en contra de que nos conteste o presidente, pero se hai documentación e se pode transmitir, tampouco temos interese ningún en reproducir aquí as preguntas que xa fixemos por escrito.

(Abandona o salón o Sr. Rodríguez Rodríguez).

Sr. presidente

Como ben sabe, isto estivo exposto a exposición pública o ano pasado, este Plan sectorial da rede viaria, como facía antes, dos Concellos de Ferrol, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas, o cal declarou a Xunta de Galicia como de incidencia supramunicipal, con data 19 de xullo de 2001, e que aprobou o mes pasado, ou este mes aprobou o Consello da Xunta definitivamente.

Nisto só as preguntas que fai vostede son cál é a implicación efectiva da Deputación Provincial da Coruña nas actuacións previstas no Plan sectorial da rede viaria das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, e isto afecta simplemente a un treito da estrada provincial 3603, un treito soamente de 1.485 metros, que une esta estrada, a 3603, provincial, coa comarcal 646 en Catabois. Polo tanto, cando saíu a exposición pública, os informes dos técnicos que non había nada que alegar a este plan, e por suposto no seu momento terá que actuar a Deputación da Coruña, que aínda que o orzamento é elevado, que son de 758 millóns de pesetas, para entendernos mellor, pero é un investimento que han cofinanciar as distintas Administracións, entón no seu momento, cando se crea oportuno desenvolver ese pequeno enlace no que afecta á vía provincial, por suposto, tomarémolo co máximo interese para desenvolver tódalas vías de comunicación nesa importante comarca.

Polo tanto a segunda pregunta que é que proxectos lle corresponden á deputación, é ese treito que lle dicía; que órgano da deputación aprobou a participación no citado plan, isto foi aprobado pola Xunta, saíu a exposición pública e consideramos oportuno non presentar ningunha alegación porque consideramos importante que as vías de comunicación nesa comarca son dun gran interese.

Outra pregunta é do Sr. Porto Serantes sobre a achega económica desta deputación á Asociación Neria, ¿cales son a xuízo do Sr. presidente as consecuencias que pode ter a sentenza dictada polo Xulgado de Primeira Instancia de Corcubión?, ¿cal é a valoración do grupo de goberno desta Deputación?, etc., etc. ¿Quere vostede intervir ou voulle contestando?

Sr. Porto Serantes

Simplemente non vou reiterar as preguntas que presentei por escrito, pero si lembrar que presentei no Rexistro Xeral desta deputación dous escritos, un con data do 16 de setembro, e outro con data do 20 de setembro. Como queira que a documentación que nos remite ó grupo socialista non aparecen as preguntas rexistradas con data do 16 de setembro, se quere, ou considera oportuno, estas si que as podería pór encima da mesa, máis ca nada

para saber de que estou falando, se non ten constancia o Sr. presidente de cales eran esas preguntas, referentes á praza de acceso da igrexa de Santiago de Cereixo en Vimianzo.

Sr. presidente

Si esa é outra pregunta, é outra pregunta que vén a continuación desta. Esta pregunta é unha que é sobre as achegas desta deputación á Asociación Neria, cál é a xuízo do Sr. presidente, á parte de “Esta deputación ten a condición de socio da “Asociación Neria”...”, “.. Non obstante os feitos acaecidos nas últimas datas poden prexudicar o prestixio desta deputación, no tocante a que membros da “Asociación Neria” e pór en cuestión...”, ben, é unha pregunta e outra pregunta é a que vou ler a continuación.

Nesta pregunta, vostede sabe que as achegas son 12 millóns, un por cada concello, que parece ser que dous concellos non está neste momento, pero eses territorios seguen incluídos na Asociación Neria, polo tanto, hai actuacións neles. A sentenza eu creo que foi cumprida, está cumprida a sentenza esa do Xulgado de Primeira Instancia de Corcubión, que houbo que eliminar creo que dous representantes nesa asociación. ¿Cal é a valoración do grupo de goberno desta deputación da intención de paralización do Plan Leader por parte da Consellería de Agricultura?, o que lle podo dicir é que a Consellería de Agricultura, con esa sentenza fixo unha paralización cautelar, máis nada, cautelar, para informarse dos feitos, do que pasaba, e ténolle que dicir que me mandaron por faxe, hoxe mesmo que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que depende da Consellería de Cultura, xa levantou esa suspensión cautelar. Polo tanto, ese Leader II pode seguir adiante dentro da normativa legal.

E “Dada a relevancia económica, social e institucional desta Deputación Provincial, e o seu peso dentro da Asociación Neria” se vai ter o grupo de goberno algunha iniciativa semellante á da Consellería de Agricultura. Ben, como vostede ben sabe, temos un representante aí, un funcionario representante responsable que entende que esa asociación está funcionando correctamente, se nalgún momento hai algunha denuncia por parte deste funcionario, entón actuaremos, mentres non haxa ningunha denuncia deste funcionario, que neste momento di que todo está correcto, as adxudicacións e todo, por suposto que non actuaremos e faremos o posible para que esa comarca, apoiada pola asociación Neria e outras institucións, siga para adiante.

De todas formas mandareillo por escrito.

Agora si que vén a da praza de acceso á igrexa de Santiago de Cereixo en Vimianzo, entón tamén lle mandarei todo por escrito, pero que lle podo anticipar tamén as conclusións que están aquí, que di, evidentemente da autonomía dos concellos que ben saben vostede en terreos de dominio público, neste caso de propiedade municipal os concellos non

teñen por que darse licenza a si mesmos, as conclusións que din que “O responsable administrativo do grupo de acción local Neria emitiu informe favorable sobre a subvención en concepto de obras de urbanización da praza de Cereixo de Vimianzo, tras verificar o cumprimento correcto dos requisitos esixibles no expediente incoado por Neria, e unha vez comprobado *in situ* a realización material de ditas obras, non constando no citado expediente de Neria o informe favorable da Sección de Patrimonio Histórico, nin existindo acordo ningún do Concello de Vimianzo de denegación de licenza urbanística, licenza que, por outro lado, considérase que non procede por tratarse dunhas obras de urbanización realizadas sobre un ben de dominio público afecto ó uso xeral.”

Polo tanto, entendemos que, ou o Concello de Vimianzo entendeu que esas obras están ben feitas, nin en Neria existe nada en contra por parte do Concello de Vimianzo, e o técnico responsable desta deputación comprobou *in situ*, á parte de non ver nada en contra desta obra, comprobou *in situ* que esta obra estaba feita correctamente, e polo tanto pagouse esa obra sen problema ningún. O que lle podo dicir é que esta obra parece ser que se certificou a finais do 2001, e o informe de Patrimonio creo que chegou a primeiros do 2002, ese informe, ou sexa que, polo tanto, eu creo que a obra se fixo no seu momento, e volvo a insistir, na Asociación Neria e polos informes que temos do noso representante alí, non hai nada en contra, nin por parte do concello nin por parte de Patrimonio e, polo tanto, cremos que é unha obra que se fixo correctamente por parte da Asociación Neria e supoño que tamén que por parte do Concello de Vimianzo tomarían tódalas medidas cautelares, vixiando polo bo cumprimento desta obra, que ademais estaba en dominio público e foi feito coordinadamente con esa Asociación Carballo e o concello.

De todas formas, remitireille tamén toda a documentación e o informe do técnico responsable.

¿Algunha pregunta máis?

(Abandona o salón o Sr. Blanco Rouco).

Sra. Santiago López

Presentouse un escrito o día 16 de setembro, pedindo copia da listaxe das subvencións concedidas ás entidades da provincia. Rogaríalle que nolo faga chegar o máis pronto posible.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos, procedéndose á redacción da acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal eu, o secretario, dou fe.